- Educación dixital

A través destas liñas de traballo, traballarase na consecución dos seguintes obxectivos:

1. Planificar e desenvolver un Plan Dixital para a escola
2. Coñecer e dominar diferentes ferramentas tecnolóxicas para a creación de produtos educativos.
3. Integrar o manexo das ferramentas institucionais na docencia, a comunicación e a xestión de contidos educativos.
4. Mellorar a competencia dixital docente.

### **Itinerario 3: Contratos-Programa no centro**

Liña de traballo: Mellora da xestión dos centros a través do CP Inclúe e CP Innova.

No presente curso escolar, o centro participa en CP inclúe na modalidade de “IGUALA-T” “INCLUE-T” e “EMOCIONA-T”; e en CP Innova, na modalidade de “edu-innova”, “edu-saúde” e “edu-sostibilidade”.

Obxectivos:

1. Mellorar o nivel de adquisición das competencias clave de todo o alumnado.
2. Fomentar accións para promover a igualdade, a convivencia e a inclusión no ámbito educativo.
3. Desenvolver no alumnado competencias para a mellora do nivel de coñecementos.

### **Itinerario 4: O currículo LOMLOE**

Liña de traballo: análise e posta en común do novo currículo para a elaboración das programacións.

Obxectivos:

1. Establecer mínimos curriculares coherentes para cada ciclo
2. Consecución de consonancia na liña de traballo a nivel de etapa
3. Transición máis fluída entre a etapa de Educación Infantil e Primaria

### **Itinerario 5: EDIXGAL**

Liña de traballo: Formación para a implementación de EDIXGAL

Obxectivos:

1. Familiarizarse coas ferramentas de traballo de EDIXGAL

2. Coñecemento dos entornos virtuais do programa

- **XORNADAS/ENCUNTROS DE BIBLIOTECAS ESCOLARES (pendente de convocatoria)**

Os obxectivos principais serían.

Ofrecer un espazo para a reflexión conxunta sobre a biblioteca escolar como recurso educativo na sociedade da información e como factor de calidade do ensino. Coñecer as tendencias e os últimos estudos en materia de bibliotecas e de lectura

Difundir as posibilidades da actual biblioteca escolar para a capacitación do alumnado nas competencias clave contempladas no currículo, especialmente na competencia en comunicación lingüística e na competencia de aprender a aprender.

Propiciar o intercambio de experiencias e a colaboración entre o profesorado que dinamiza bibliotecas escolares e traballa a prol do fomento da lectura.

Actividade formativa/programa: XORNADAS DE BIBLIOTECAS ESCOLARES						
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input checked="" type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input type="checkbox"/>		3º T <input type="checkbox"/>	
Responsables	ASESORÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES					
Participantes	3 PROFESORES					
Actividade formativa/programa: ENCONTROS DE BIBLIOTECAS ESCOLARES						
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input checked="" type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input type="checkbox"/>		3º T <input type="checkbox"/>	
Responsables	ASESORÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES					
Participantes	3 PROFESORES					
Actividade formativa/programa: MEDIACIÓN LECTORA E LIBRO INFANTIL E XUVENIL						
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input checked="" type="checkbox"/> Xornada	<input checked="" type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input type="checkbox"/>		3º T <input type="checkbox"/>	
Responsables	ASESORÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES					
Participantes	1 PROFESOR					

- **BIBLIOTECA CREATIVA (pendente de convocatoria)**

Aspectos relacionados coa biblioteca como laboratorio creativo, cultura maker na biblioteca escolar

Actividade formativa/programa: BIBLIOTECA CREATIVA						
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input checked="" type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
<b>Horas</b>	<b>Temporalización</b>					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input type="checkbox"/>		3º T <input type="checkbox"/>	
<b>Responsables</b>	ASESORÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES					
<b>Participantes</b>	1 PROFESOR					

- **PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E MELLORA DA SEGURIDADE DE CENTROS EDUCATIVOS (pendente de convocatoria)**

Fomentar a educación en valores, o respecto ás normas de convivencia como medida de integración do alumnado nunha sociedade democrática.

Crear un clima de convivencia apropiado para o desenvolvemento do proceso educativo, potenciando as relación afectivas mellorando a autoestima e favorecendo a participación, a formación do profesorado e a comunicación entre os membros da comunidade educativa.

Promover un clima de equidade, igualdade e tolerancia que facilite a convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa

Actividade formativa/programa: PLAN DIRECTOR						
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input checked="" type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
<b>Horas</b>	<b>Temporalización</b>					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input type="checkbox"/>		3º T <input type="checkbox"/>	
<b>Responsables</b>	CONSELLERÍA DE CULTURA					
<b>Participantes</b>	PROFESORES, ALUMNOS, PAIS/NAIS					

- **SECCIÓN BILINGÜE**

Actividade formativa/programa: PROGRAMA DE SECCIÓN BILINGÜES						
<b>Tipo</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input checked="" type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller

<b>Horas</b>	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/> 2º T	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Responsables</b>	ASESORÍA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS		
<b>Participantes</b>	PROFESORADO CLIL		
<b>Actividade formativa/programa: PROGRAMA DE AUXILIARES DE CONVERSA</b>			
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario <input checked="" type="checkbox"/> Xornada <input type="checkbox"/> Ponencia <input type="checkbox"/> Taller
<b>Horas</b>	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 2º T	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Responsables</b>	ASESORÍA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS		
<b>Participantes</b>	PROFESORADO DE LINGUA INGLESA		

- **ATENCIÓN EDUCATIVA A ALUMNADO CON TEA NA AULA ORDINARIA**

Promover o coñecemento das características e necesidades educativas do alumnado con TEA.

Facilitar estratexias e recursos ao profesorado para dar unha resposta inclusiva ao alumnado con TEA.

Coñecer pautas de actuación e adaptacións metodolóxicas para o alumnado con TEA

<b>Actividade formativa/programa: Atención educativa a alumnado con TEA na aula ordinaria</b>						
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input checked="" type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
<b>Horas</b>	<b>Temporalización</b>					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 2º T	<input type="checkbox"/> 3º T	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<b>Responsables</b>	CONSELLERÍA DE CULTURA					
<b>Participantes</b>	4 PROFESORES, ALUMNOS, PAIS/NAIS					

## 10. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO					
<b>CURSO</b>	2022/2023				
<b>ENDEREZO:</b> Foxo-Rubín,s/n	Concello: A Estrada			Provincia: Pontevedra	
<b>CURSO</b>	<b>AREA</b>	<b>TÍTULO, ANO</b>	<b>EDITORIAL</b>	<b>ISBN</b>	<b>LINGUA</b>
El- 3 anos		Canto sabemos: A volta ao mundo. Nivel 1	Santillana	978-84-9972-954-1	Galega
El- 3 anos		Taller matemáticas manipulativas. Nivel 1	Editorial Santillana	978-84-680-2780-7	Galega

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO					
CURSO	2022/2023				
ENDEREZO: Foxo- Rubín,s/n	Concello: A Estrada			Provincia: Pontevedra	
CURSO	AREA	TÍTULO, ANO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
EI- 4 anos		Canto sabemos: A volta ao mundo. Nivel 2	Santillana-	978-84-9972-874-2	Galega

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO					
CURSO	2022/2023				
ENDEREZO: Foxo- Rubín,s/n	Concello: A Estrada			Provincia: Pontevedra	
CURSO	AREA	TÍTULO, ANO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
EI- 5 anos		Canto Sabemos: A volta ao Mundo. Nivel 2	Santillana	978-84-9972-625-0	Galega

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO					
CURSO	2022/2023				
ENDEREZO: Foxo- Rubín,s/n	Concello: A Estrada			Provincia: Pontevedra	
CURSO	AREA	TÍTULO, ANO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
1º EP	MATEMÁTICAS	COMUNIDAD ZOOM 1º Trimestre 2º Trimestre 3º Trimestre 2022	VICENS VIVES	978-84-682-8099-8	Castelá
1º 9EP	L. GALEGA	COMUNIDADE ZOOM 1º Trimestre 2º Trimestre	VICENS	978-84-682-8318-0	Galego

		3º Trimestre 2022	VIVES		
1º EP	CIENCIAS DA NATUREZA	FAN FEST 1º	EDELVIVES	978-84-904-6418-2	Galego
1º EP	CIENCIAS SOCIAIS	FAN FEST 1º	EDELVIVES	978-84-904-6522-6	Galego

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO					
CURSO	2022/2023				
ENDEREZO: Foxo-Rubín,s/n		Concello: A Estrada		Provincia: Pontevedra	
CURSO	AREA	TÍTULO, ANO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
2º EP	LINGUA CIENCIAS SOCIAIS CIENCIAS NATURAIS  GLOBALIZADO	<b>PEZAS 2</b>	ANAYA	978-84-698-4131-0 978-84-698-4133-4 987-84-698-4135-8	Galega
		1º Trimestre			
		2º Trimestre			
2º EP	MATEMÁTICAS	<b>MATEMÁTICAS 2 ZOOM</b>	VICENS VIVES	978-84-682-5486-9	Castelá
		1º Trimestre			
		2º Trimestre			
		3º Trimestre			

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO					
CURSO	2022/2023				
ENDEREZO: Foxo-Rubín,s/n		Concello: A Estrada		Provincia: Pontevedra	
CURSO	AREA	TÍTULO, ANO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
3º EP	L. Castelá	LENGUA 3 Serie: Operación Mundo	Anaya	978-84-698-9915-1	Castelá
3º EP	L. Galega	LINGUA 3 Serie: Operación Mundo	Anaya	978-84-698-9948-9	Galega

3º EP	Matemáticas	MATEMÁTICAS 3 CZ	Vicens Vives	978-84-682- 8283-1	Castelá
3º EP	C. da Natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 3 CZ	Vicens Vives	978-84-682- 8533-7	Galega
3º EP	C. Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 3 CZ	Vicens Vives	978-84-682- 8537-5	Galega
3º EP	Relixión	Relixión Católica 3. AMISTAD 2018	Anaya	978-84-698- 4295-9	Castelá

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO

CURSO	2022/2023				
ENDEREZO: Foxo- Rubín,s/n		Concello: A Estrada		Provincia: Pontevedra	
<b>CURSO</b>	<b>AREA</b>	<b>TÍTULO, ANO</b>	<b>EDITORIAL</b>	<b>ISBN</b>	<b>LINGUA</b>
4º EP	L. Castelá	Aprender es crecer en conexión. 2015	Anaya	978-84-698- 0650-0	Castelá
4º EP	L. Galega	Aprender é crecer en conexión.2015	Anaya	978-84-678- 8013-7	Galega
4º EP	C. Naturais	Aula Activa.2015	Vicens Vives	978-84-682- 2843-3	Galega
4º EP	C. Sociais	Aula Activa. 2015	Vicens Vives	978-84-682- 2898-3	Galega
4º EP	Matemáticas	Cifras 4. Aula Activa. J. Fraile Martín. 2015	Vicens Vives	978-84-682- 28815-5	Castelá
4º EP	L. Inglesa	Tiger 4- Pupil`s book.2014	Macmillan E.L.T.	978-0-230- 47633-2	Inglés
4º EP	Relixión	Relixión Católica 4. ANO 2015	Anaya	978-84-678- 8395-4	Castelá

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO

CURSO	2022/2023				
-------	-----------	--	--	--	--

ENDEREZO: Foxo-Rubín,s/n		Concello: A Estrada		Provincia: Pontevedra	
CURSO	AREA	TÍTULO, AUTOR, ANO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
6º EP	Matemáticas	Mochila ligera. Saber hacer. 2015	Santillana	978-84-680-3033-3	Castelá
6º EP	L. Castelá	Aprender es crecer en conexión. 2015	Anaya	978-84-698-0652-4	Castelá
6º EP	L. Galega	Aprender é crecer en conexión.2015	Anaya	978-84-678-3511-3	Galega
6º EP	C. Naturais	Ciencias da natureza 6º. 2015	Anaya	978-84-678-8308-4	Galega
6º EP	C. Sociais	Ciencias sociais 6º. 2015	Anaya	978-84-678-3519-9	Galega
6º EP	L. Inglesa	Tiger 6- Pupil`s book. 2014.	Macmillan	978-0-230-43143-0	Inglés
6º EP	Relixión	Relixión Católica 6. ANO 2015	Anaya	978-84-678-8404-3	Castelá

## 11. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

### CONSTITUCIÓN DO EQUIPO.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares está formado polos seguintes membros:

- M<sup>a</sup> Vanesa Valiñas Rivas (Coordinadora)
- Sandra Caneda Mato
- Lorena Casal Cerdeira
- Sonia Fernández Limia
- Rosa M<sup>a</sup> Ferreira Castro

### CONCRECIÓN ANUAL DO PROGRAMA.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
PROXECTO DE CENTRO "Tulipáns vermellos. Mulleres	Todo o curso	EI-EP	Todo o equipo docente



na ciencia”			
DÍA INTERNACIONAL DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES. Homenaxe a un escritor, galletas Fuxú	21 de outubro	EI-EP	Todo o equipo docente
SAMAÍN.	31 de outubro	EI-EP	Todo o equipo docente
MAGOSTO.	11 de novembro	EI-EP	Todo o equipo docente
VIII ANIVERSARIO DO PASAMENTO DE DON OLIMPIO ARCA CALDAS. MOSTRA DE TEATRO PRIMARIA	Finais de novembro	6º EP	Todo o equipo docente
DÍA de D. XOSÉ NEIRA VILAS	3 de novembro	EI-EP	Todo o equipo docente
PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA DE ETIQUETADO EN LINGUA GALEGA “BICOS A MOREAS”	Finais de novembro	EI-EP	Todo o equipo docente
FESTIVAL DE NADAL	21 de decembro	EI-EP	Todo o equipo docente
DÍA DA PAZ	30 de xaneiro	EI-EP	Todo o equipo docente
ENTROIDO	25 de febreiro	EI-EP	Todo o equipo docente
DÍA DE ROSALÍA CEIP do Foxo.	23 de febreiro	EI-EP	Todo o equipo docente
DÍA DA MULLER TRABALLADORA	8 de marzo	EI-EP	Todo o equipo docente
DÍA DA POESÍA	23 de marzo	EI-EP	Todo o equipo docente
DÍA INTERNACIONAL DO BOSQUE	23 de marzo	EI-EP	Todo o equipo docente
DÍA INTERNACIONAL DA AUGA.	23 de	EI-EP	Todo o equipo docente

	marzo		
VOLUNTARIADO DE LECTURA	Abril-maio	EI-EP	Todo o equipo docente
CORRELINGUA	maio	EI-EP	Todo o equipo docente
AS AGACHADAS CON FUXÚ “DÍA DO LIBRO”	23 de abril	EI-EP	Todo o equipo docente
LETRAS GALEGAS	17 de maio	EI-EP	Todo o equipo docente
X FESTA DAS PALABRAS	maio	EP	Todo o equipo docente
O ESCRITOR NA SÚA OBRA	maio	5º e 6º	Equipo docente de 5º e 6º
O PARTIDO DO SÉCULO	20 de xuño	EI-EP	Todo o equipo docente
FESTIVAL FIN DE CURSO	22 de xuño	EI-EP	Todo o equipo docente
PROXECTO VOZ NATURA: A pegada das tres erres no CEIP do Foxo	Todo o curso	EI- EP	Todo o equipo docente
DIGICRAFT	Todo o curso	EP	Titores de Primaria
CLUB DE LECTURA	Todo o curso	5º e 6º	Equipo Biblioteca
CONTRATOS PROGRAMA	Todo o curso	EI-EP	Todo o Equipo Docente
EDUCACIÓN RESPONSABLE	Todo o curso	EI- EP	Todo o Equipo Docente

## 12. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

En todo o plan de emerxencia e evacuación debe comprobarse a súa eficacia e a operatividade coa realización periódica de simulacros que permitan a todos os membros do edificio observar as tarefas que deben realizar para conseguir unha preparación básica idónea. O simulacro debe ser coñecido por todas as persoas que forman parte do edificio e a dirección do simulacro debe recaer nun membro do equipo directivo. Calquera tipo de simulacro debe servirnos para aplicar as diferentes fases que se desenvolven nunha emerxencia:

1. Localización da emerxencia
2. Comunicación da mesma
3. Transmisión da alarma
4. Comportamento colectivo

Analizados os datos do último simulacro realizado, facemos as seguintes propostas de mellora:

- Tocar o timbre cunha cadencia determinada. Por exemplo pulsar durante 4 s, soltar e volver a timbrar; así durante 1 min. Esta forma de tocar o timbre debe ser coñecida por todo o profesorado e asociada ao proceso de evacuación.
- Se algunha aula está baleira no momento da evacuación, o profesor que estea preto dela deberá pechar a porta da mesma.
- Asemade se unha aula está ocupada e se observa que as persoas que están dentro non saen, os Mestres que estean preto desa aula avisarán para que proceda á evacuación.
- Recordar que os alumnos teñen que formar as filas segundo establecido no plan de evacuación, que teñen que facelo en silencio e ademais o mestre ten que colocarse en primeiro lugar.
- Recordar que a prioridade para evacuar é: primeiro a planta baixa e a continuación o primeiro andar. Hai que esperar a que se evacúe a planta baixa para saír.
- Contemplan no plan de evacuación que se non se pode saír polo percorrido establecido por atranco da porta, incendio na biblioteca.... A saída ao exterior realizarase pola porta principal do Centro cara o Xardín da poesía para rodear o centro e ir ao punto de encontro (bosque das plantas autóctonas, ao carón do pavillón)
- Aclarar que se o suceso ocorre un día de chuvia, hai a posibilidade de que o punto de encontro sexa o interior do pavillón.
- No caso de incendio, débense pechar as portas dos corredores e se houberse fume temos que contemplar dúas posibilidades:
  - a) que o fume estea a unha altura dun metro do chan, nese caso realizarase a evacuación tal como está establecida; simplemente as persoas que saian farano anicadas.

b) que o fume estea moi baixo, nese caso farase un confinamento na aula, pecharase a porta e agardarase a que os servizos de emerxencia evacúen a esas persoas.

Trataremos de realizar un simulacro de evacuación no primeiro trimestre do presente curso académico.

### 13. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente está integrado polo Conserxe, auxiliar Técnico Educativo e Limpadoras, Coidadoras do comedor escolar

#### **HORARIOS do Conserxe**

Chegada:

8.30 h. pola mañá

15.10 h pola tarde

Saída:

14.00 h pola mañá

18.15 h pola tarde

Non poderá abandonar o seu posto, agás en caso de emerxencia.

Este horario será flexible, atendendo ás necesidades do Centro e baixo a autorización do Equipo Directivo.

#### **TAREFAS DO CONSERXE**

- Coidar, durante os recreos, de que as aulas onde non haxa profesores estean totalmente baleiras, asemade nas horas de entrada e saída dos alumnos, así como na hora do recreo coidará que os nenos/as non suban ás aulas.
- Controlar a entrada ao Centro de calquera persoa allea ao mesmo.
- Abrir, pechar e velar o Centro, cando haxa reunións do Consello Escolar e Claustro de Profesores.
- Coidar, conservar e vixiar o entorno do Centro.
- Abrir e pechar portas e cancelas diariamente.
- Revisar, de cando en vez, as instalacións, en canto a súa conservación, orde e limpeza.
- Comunicar aos órganos directivos a visita de persoas alleas ao Centro.
- Atender o teléfono e apagar as luces.

- Realizar fotocopias.
- Trasladar aos alumnos os avisos pertinentes
- Controlar, na medida das súas posibilidades, o funcionamento das máquinas e da súa limpeza así como manter a orde e limpeza no local onde estean instaladas.
- Repoñer o xel hidroalcohólico e o papel desbotable nas aulas
- Calquera outra, dentro das súas funcións, que lle sexa encomendada polo equipo directivo.

### **HORARIO DA ATE**

Luns e mércores de 9.20 h a 17.20 h. O resto da semana de 9.10h a 13.50 h. Coincidindo co horario de apertura e peche do Centro.

### **TAREFAS DA ATE**

- Atención e colaboración na recepción do alumnado no transporte escolar.
- Atención na limpeza e aseo do alumnado con neae
- Colaboración na clase por razóns inexcusables do profesorado
- Colaboración no cambio de clase
- Colaboración non cambios de actividade
- Atención na merenda do recreo
- Colaboración co profesorado na vixiancia do recreo
- Atención e colaboración na saída do alumnado no transporte escolar

### **HORARIO DAS LIMPADORAS**

O horario das limpadoras está establecido pola empresa que as contrata. Este servizo está xestionado polo concello.

### **TAREFAS DAS LIMPADORAS**

No Centro hai dúas persoas que se encargan da limpeza das dependencias do Centro, así como do pavillón e dos patios cubertos. As tarefas son as establecidas pola empresa que as contrata.

### **HORARIO DAS COIDADORAS DO COMEDOR ESCOLAR**

O servizo de comedor, que no noso caso prestase con carácter opcional, comprenderá a comida do mediodía, a atención aos comensais, así como os períodos posteriores ao xantar.

A súa duración estendese desde as 13.15 ata as 15.30 h. Xustifícase este servizo como elemento conciliador da vida familiar e laboral, así como evitar a dobre viaxe do transporte escolar nos días de clase pola tarde.

## TAREFAS DAS COIDADORAS DO COMEDOR ESCOLAR

Entre outras actividades sinálanse

- Colocar as mesas e servir os xantares.
- Proceder á retirada e limpeza do menaxe e vaixela usado para o servizo.
- Proceder á ordenación e limpeza diaria e coidadosa da dependencia, efectos e menaxe.
- Proceder á limpeza de mesas, cadeiras e solo do comedor.
- A imprescindible presenza física tanto no transcurso do xantar no interior da dependencia de comedor como durante o tempo posterior a súa entrada nel e mentres non comezan as clases da tarde.
- O servizo e atención ás mesas dos usuarios.
- Actividades educativas que favorezan o desenvolvemento de hábitos relacionados coa hixiene e alimentación san
- Orientación en materia de educación para a saúde .
- Actividades educativas de ocio e tempo libre, programadas para o período posterior á comida
- Especial fincapé no cumprimento do protocolo establecido para o comedor.

## 14. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Horas/ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
9.20/ 10.15	Dirección	Secretaría	Dirección		9.20/ 10.10	
10.15 / 11.10	Secretaría			Secretaría	10.10/ 11.00	
11.10 / 12.05		Xefatura	Xefatura	Dirección	11.00/ 11.50	Equipo directivo

12.05/ 12.30	RECREO				11.50/ 12.15	RECREO	
12.30 / 13.40		Dirección			12.15/ 13.00		
					13.00/ 13.40		
15.35 / 16.25	Xefatura						
16.25 / 17.15							

## 15. DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA ACCIÓNS LEVADAS A CABO NAS TITORÍAS.

Todos os titores/as disporán dunha hora dentro do seu horario lectivo para traballar co Departamento de Orientación na preparación das actividades programadas no PAT, usarase unha hora de garda sempre que non teñan que cubrir unha clase.

Dedicarán unha sesión semanal a poñer en **práctica técnicas de traballo intelectual e programas de desenvolvemento persoal e social** adecuados ao noso contexto educativo. Para levar a cabo esta tarefa contarán coa axuda do Departamento de Orientación.

Ademais na reunión que o Departamento de Orientación realiza semanalmente trataranse temas relacionados coa función titorial.

### **Detección de necesidades:**

Cada titor/a sistematizará a observación:

- Recollendo información, opinións e propostas doutros profesores/as.
- Realizando reunións ao principio de curso entre os/as mestres/as dos distintos niveis/cursos para facilitar a transición entre os distintos niveis e as distintas etapas.
- Buscando información sobre os antecedentes escolares, sobre a situación persoal e sobre a situación familiar e social dos seus titorandos.

Unha vez detectadas estas necesidades porase en contacto co Departamento de Orientación para valoralas e deseñar programas específicos que axuden á mellora do proceso de ensino – aprendizaxe, tanto a nivel individual como a nivel do grupo – clase.

### **FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA.**

O Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 10º, dedicado á titoría, establece que cada grupo de alumnado contará cun titor ou titora que realizará tarefas relacionadas coa organización, participación e control. Ademais, a educación nesta etapa enténdese como un proceso compartido coas familias que se favorecerá desde o centro docente a través da titoría, de aí que a persoa responsable manterá actividades periódicas para intercambiar información coas familias.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 17, dedicado á titoría, recolle:

1. A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e da coordinación co departamento de orientación. O profesorado titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas de acordo co que estableza a consellería competente en materia de educación, e manterá unha relación permanente coa familia, atendendo á conciliación profesional e familiar, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e no artigo 6.1 da Lei galega 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
2. Cada grupo de alumnos e alumnas terá un mestre titor ou unha mestra titora, designado/a pola persoa que exerza a dirección, por proposta da xefatura de estudos.
3. É función das persoas titoras informar regularmente os pais, as nais ou persoas que exerzan a titoría legal do seu alumnado sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas. Esta información realizarase cunha periodicidade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.



Entendemos que os mestres/as non só impartimos coñecementos nos aspectos puramente académicos senón que tamén incidimos no proceso educativo global do noso alumnado, como persoas que se achan inmersas nuns grupos sociais determinados, con características persoais diferenciadas e heteroxéneas que é necesario coñecer, valorar e mellorar: actitudes, motivación, autoconcepto, priorización de valores, etc.

A función titorial debe asegurar que o alumnado do noso centro recibe unha educación integral e personalizada. O/A titor/a, guía e orienta en momentos críticos ou de especial dificultade tanto en problemas relativos á aprendizaxe, como persoais ou sociais.

Por todo iso, consideramos necesario realizar desde todo o centro unha tarefa coherente e sistemática desde o inicio da escolaridade ata o final desta abordando aspectos de mellora persoal e social.

A acción titorial ten funcións respecto aos alumnos/as considerados individual e grupalmente, respecto aos profesores/as do grupo e do centro, e respecto do contexto social e familiar.

#### **Funcións do/a titor/a en Educación Infantil e Primaria:**

Segundo o Decreto 374/1996 , de 17 de outubro que recolle o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria, nos seus artigos 80 e 81 indícase que tanto a titoría como a orientación do alumnado forman parte da función docente.

Son funcións do titor ou titora, segundo este Decreto, as seguintes:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.
- b) Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza – aprendizaxe dos alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ao resto do equipo docente das características dos alumnos e alumnas, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
- m) De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- n) Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos e alumnas dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais e nais ou titores e titoras legais.
- ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes e estas permanecen no centro nos períodos de lecer.
- o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- p) Colaborar cos demais titores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- q) Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r) Informar aos alumnos e alumnas do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con

especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.

- s) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- t) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.
- u) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
- v) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias, ou titores e titoras, e á xefatura de estudos.
- x) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
- z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

As funcións que deberá desenvolver o/a titor/a son numerosas, trataremos de facer unha distribución, tendo en conta catro grandes apartados:

- Respecto ao centro
- Respecto aos pais/nais
- Respecto ao alumnado
- Respecto ao profesorado

### **Respecto ao Centro**

- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do/a xefe/a de estudos.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- Colaborar co Departamento de Orientación nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos/as.

- Aqueles outros que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

### **Respecto aos pais e nais dos/as alumnos /as**

- Proporcionar no principio de curso, aos alumnos/as e aos pais/nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico do alumno/a.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos/as dun ciclo a outro, asesorado polo Departamento de Orientación, logo da audiencia dos seus pais/nais ou titores legais.
- Informar os pais/nais de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- Facilitar a cooperación educativa entre o/a profesor/a e os pais/nais dos alumnos/as.
- Controlar as faltas de asistencia ou puntualidade e ter informados aos pais/nais ou titores legais e ao xefe/a de estudos .
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio ao aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.

### **Respecto ao alumnado.**

- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza – aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

- Coordinar as adaptacións curriculares e os reforzos necesarios para o alumnado do seu grupo.
- Orientar aos alumnos/as dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.
- Orientar as demandas e inquiredanzas dos alumnos/as e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar os alumnos/as do grupo de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- Controlar as faltas de asistencia ou puntualidade dos alumnos/as e informar aos pais/nais e a xefatura de estudos.

### **Respecto ao profesorado**

- Informar o equipo de profesores/as do seu grupo de alumnos/as das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o seu grupo.
- Organizar, presidir e coordinar as sesións de avaliación.
- Colaborar co Departamento de Orientación nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- Colaborar cos demais titores/as no marco dos Proxectos Educativo e Curriculares do centro.
- Facilitar a cooperación educativa entre os/as profesores/as e os pais/nais dos alumnos/as.
- Propoñer actividades extraescolares e/ou complementarias de interese para o seu grupo de alumnos/as.

### **OBXECTIVOS**

O PAT propón o desenvolvemento e a adquisición dos seguintes Obxectivos Xerais:

1. Facilitar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica do centro escolar.

2. Potenciar o esforzo individual e o traballo en equipo.
3. Contribuír á personalización do proceso educativo.
4. Efectuar un seguimento global da aprendizaxe dos/as alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais ou de apoio educativo, e recorrer aos apoios ou actividades axeitadas.
5. Coordinar o proceso de avaliación decidindo sobre a promoción ou non de curso.
6. Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes participativas, tanto no centro coma no seu ámbito.
7. Coordinar a adaptación das programacións ao grupo de alumnos/as, especialmente no referente ás respostas educativas ante necesidades educativas especiais.
8. Coordinar o proceso avaliador dos distintos profesores/as do grupo – clase, así como calquera información de importancia para este.
9. Implicar e comprometer aos pais/nais e titores/as en actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
10. Facilitar o desenvolvemento de hábitos de traballo e de estudo.
11. Informar os pais/nais ou titores/as legais de todo canto afecta a educación dos seus fillos/as.
12. Establecer as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos/as.
13. Asegurar a continuidade educativa dos alumnos/as nas distintas áreas, niveis, etapas e, no seu caso, na transición dun centro a outro.
14. Potenciar o autoconcepto e a autoestima positivos, tendo en conta a súa incidencia no rendemento escolar.
15. Buscar unha intervención activa dos/as alumnos/as na aula.
16. Buscar unha intervención activa do alumando na aula.
17. Desenvolver a aprendizaxe cooperativa no grupo – clase.

18. Conseguir unha aprendizaxe de técnicas de traballo individual/autónomo, para enfrontarse con éxito as aprendizaxes escolares.

19. Previr as dificultades da comprensión lectora.

20. Promover accións que favorezan a convivencia e o clima social do centro e das aulas.

## **ACTIVIDADES.**

### **Co grupo de alumnos/as.**

#### Proposta de programación de actividades de tutoría para Educación Infantil, 1º e 2º curso de Primaria.

##### **1. Acollida e integración dos alumnos:**

- Programa de acollida para os alumnos de 4º de Educación Infantil.
- Plan de acollida para alumnado estranxeiro.
- Presentación dos/as alumnos/as. Coñecemento mutuo.
- Exercicios/ actividades para favorecer a relación e integración grupal.
- Coñecemento do centro.
- A nosa aula.

##### **2. Organización e funcionamento do grupo clase:**

- Reunións interniveis.
- Recollida de información sobre o alumnado: datos persoais, trazos da personalidade, ámbito socioafectivo, rendemento, dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais.
- Organización e funcionamento de aula: normas de clase, agrupamentos,...
- Prever os apoios necesarios. Apoios individuais ou grupais (apoios extraordinarios e de profesorado con dispoñibilidade horaria).

##### **3. Adquisición e mellora dos hábitos de traballo:**

- Hábitos básicos: sentarse correctamente, relaxarse, orden e autonomía.
- Destrezas instrumentais: mecanismos lectores,...

- Técnicas motivacionais: planificación e responsabilidade na tarefa, participación do alumnado, afrontamento do fracaso/frustración.

#### **4. Desenvolvemento persoal e adaptación escolar:**

- Actividades para desenvolver actitudes participativas, capacidades sociais, autoestima positiva, autocontrol,...
- Coñecemento da situación de cada alumno/a do grupo: dinámica interna, actitudes, dificultades,...

#### **5. Participación da familia:**

- Reunións preceptivas a principio de curso (unha por trimestre, mínimo), durante este curso preferiblemente de modo telemático
- Colgar na páxina web do centro un díptico informativo sobre o Centro.
- Reunións periódicas para o intercambio de información, explicación das normas do centro e funcionamento, comentar avaliacións e calquera outro tema que se considere oportuno.(telemático)
- Entrevistas individuais ao longo do curso escolar, mellor non presenciais.

#### **6. Proceso de avaliación:**

- Entrevistas iniciais coas familias de 4º de Educación Infantil.
- Avaliación inicial.
- Instrumentos de observación e rexistro.
- Instrumentos e métodos de información sobre os resultados da avaliación aos propios alumnos e as familias.

### Proposta de programación de actividades de titoría para 3º,4º, 5º e 6º curso de Primaria

#### **1. Acollida e integración do alumnado:**

- Plan de acollida para alumnado estranxeiro.
- Presentación dos/as alumnos/as. Coñecemento mutuo.
- Exercicios/actividades para favorecer a relación e integración grupal.



- Coñecemento do centro.
- A nosa aula.

## **2. Organización e funcionamento do grupo clase:**

- Reunións interniveis.
- Recollida de información sobre o alumnado: datos persoais, rendemento, dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais, informes de avaliación ciclo anterior, informes psicopedagóxicos, etc.
- Organización e funcionamento de aula: normas de clase, agrupamentos,...
- Prever os apoios necesarios. Individuais ou grupais (apoios extraordinarios e de profesorado con dispoñibilidade horaria).

## **3. Adquisición e mellora dos hábitos de traballo:**

- Hábitos básicos: sentarse correctamente, relaxarse, orden e autonomía, distribución do tempo.
- Destrezas instrumentais: comprensión lectora,...
- Técnicas motivacionais: planificación e responsabilidade na tarefa, participación do alumnado, afrontamento do fracaso/frustración.

## **4. Desenvolvemento persoal e adaptación escolar:**

- Actividades para desenvolver actitudes participativas, capacidades sociais, autoestima positiva, autocontrol,...
- Coñecemento da situación de cada alumno/a do grupo: dinámica interna, actitudes, dificultades,...
- A convivencia entre o alumnado.
- Programa de habilidades sociais impartido durante o primeiro trimestre pola técnico de Prevención de Drogodependencias do concello da Estrada, ao alumnado de 6º curso.

## **5. Participación da familia:**

- Colgar na páxina web do Centro un díptico informativo sobre o colexio.
- Reunións periódicas para o intercambio de información, explicación das normas do centro e funcionamento, comentar avaliacións e calquera outro tema que se considere oportuno.(Durante este curso preferiblemente de forma telemática)
- Entrevistas individuais, non presenciais
- Comunicación mediante axenda escolar.

#### **6. Proceso de avaliación:**

- Avaliación inicial
- Instrumentos de observación e rexistro.
- Instrumentos e métodos de información sobre os resultados da avaliación aos propios alumnos e as familias.
- Revisión dos expedientes do ciclo anterior.

#### **Co grupo de pais/nais.**

##### Primeira reunión:

Esta primeira reunión non se fará de forma presencial pero será colgado na páxina web do Centro dípticos informativos que recollerán os seguintes puntos:

- Calendario escolar.
- Organigrama do centro.
- Proxectos que desenvolve o centro.
- Como axudar os seus fillos/as nos estudos.
- Como axudar aos nenos e nenas de Educación Infantil.
- Material escolar.
- Equipos de dinamización.
- Os/as titores/as.
- Faltas de asistencia.

- Participación das familias na vida do Centro.
- Funcionamento da Biblioteca Escolar.
- Outros servizos.

Ao longo do curso poderán programarse outras reunións se se considera oportuno. Despois de cada trimestre e vista a revisión xeral da PXA, os titores valorarán a posibilidade doutra reunión conxunta segundo as necesidades detectadas.

#### **Con cada pai/nai individualmente.**

Todos os mércores en horario de 17.15 a 18.15 os titores/as atenderán individualmente aos pais/nais dos seus titorandos, previa cita, durante este curso preferiblemente de modo telemático.

Sempre que sexa necesario o/a titor/a porase en contacto coas familias, enviándolles unha nota, unha carta ou unha circular. Cada trimestre os pais/nais serán informados puntualmente do rendemento académico do seu fillo/a a través do boletín de cualificacións.

#### **Co/as outros/as titores/as.**

O profesorado que imparte docencia no mesmo nivel/curso, programará nas sesións predeterminadas no horario para tal efecto entrevistas cos titores do alumnado

#### **Cos/as outros/as mestres/as do grupo.**

O/a titor/a coordinará de forma continuada e sistemática ao resto do equipo docente do seu curso, para poder realizar un seguimento individual e grupal dos alumnos/as do seu grupo.

O/A titor/a de cada nivel/curso, reuniranse periodicamente coa orientadora para a coordinación dos programas, reelaboración de materiais, adopción da programación á realidade concreta de cada grupo e, se fose preciso, afondar na súa propia formación como titor/a.

Levaranse a cabo actuacións que aseguren a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións e na práctica docente en especial no relativo a:

- Contidos e obxectivos didácticos.
- Procesos de avaliación.

- Aspectos metodolóxicos.
- Educación en valores.
- Todos os luns despois da reunión xeral.

## **METODOLOXÍA.**

En Primaria a normativa non contempla un horario específico para o desenvolvemento de actividades de titorías grupais, polo que cada titor/a dedicará o tempo que estime oportuno a desenvolver estas actividades. A modo de suxerencia, poderíase dedicar unha sesión quincenal a esta tarefa.

O espazo para a realización destas actividades será normalmente a aula, aínda que poderán desenvolverse fóra da mesma sempre que o esixan as necesidades do grupo ou a actividade concreta.

A partir das actividades grupais, o/a titor/a, así como o resto do profesorado que imparte clase no grupo, poderán observar a un/unha ou varios/as alumnos/as que o precisen ao longo do tempo que se estableza.

## **AVALIACIÓN**

A avaliación global do Plan de Acción Titorial (PAT) constará de:

- Unha análise de todos os datos de avaliación recollidos ao longo do curso.
- A avaliación explícita de todos os aspectos do PAT.

Esta avaliación global do PAT realizarase tendo en conta:

- As necesidades que vaian aparecendo.
- As expectativas do Equipo de Profesorado.
- As necesidades do alumnado, ligadas ao contexto e ás súas situacións persoais.

## **ESCOLAS DE NAIS E PAIS.**

Potenciarase a implicación dos pais/nais nas seguintes actividades:

- Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos que durante este curso tratará sobre o acoso escolar.

- Prevención de incendios. Charla de axentes forestais para potenciar o coidado do medio ambiente
- Navega con rumbo. Charlas sobre riscos en internet e uso de redes sociais

## **PLANS DE ACOLLIDA.**

O TRABALLO NA ESCOLA DEBE SER ENTENDIDO DENDE UNHA PERSPECTIVA INTERCULTURAL, QUE TEÑA EN CONTA A DIVERSIDADE CULTURAL BUSCANDO TODO O ENRIQUECEDOR QUE ESTE FEITO TEN.

Este plan ten como finalidade constituír unha acción específica ante o incremento de poboación escolar procedente da inmigración e ante a aparición de novas formas de exclusión social. O obxectivo é realizar unha axeitada integración educativa, social e cultural de todo o alumnado, independentemente da súa orixe e condición.

### **ACTUACIÓNS DAS QUE PARTE O CENTRO**

- ❖ O alumnado que procedente dun sistema educativo estranxeiro, se vaia incorporar á Educación Primaria, non necesita realizar trámites de validación dos seus estudos previos. O centro español no que vaia continuar os seus estudos determinará o curso que lle corresponde, segundo a normativa aplicable ao respecto.
- ❖ A documentación e formalización da matrícula, así como os criterios de admisión, farase conforme aos prazos, instancias e normas que rexen o funcionamento do centro.
  - A documentación a entregar para formalizar a matrícula será: solicitude extraordinaria de admisión, certificado do padrón municipal, DNI de ambos proxenitores, Libro de Familia, Pasaporte do/da menor, datos académicos.
- ❖ Os/as alumnos/as do 5º ou 6º cursos de Educación Primaria que procedan de fóra de Galicia, e que non residiran con anterioridade nela, poden quedar exentos temporalmente da cualificación das probas de avaliación na materia de Lingua Galega, por un máximo de dous cursos escolares consecutivos. A exención solicitarase para cada ano académico e os seus efectos limitaranse ao citado ano. (Orde do 10 de febreiro de 2014)
- ❖ Unha vez admitido o alumnado procedente do estranxeiro, realizarase a avaliación inicial que se leva a cabo con carácter xeral no momento da incorporación ao sistema

educativo, segundo o establecido nos artigos 13 e 17 da Orde do 27 de decembro de 2002 para determinar as súas necesidades educativas que poden ser:

- a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, galega e castelá.
  - b) Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
  - c) Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.
- ❖ De ser o caso, correspóndelle ao departamento de orientación a realización da avaliación psicopedagóxica correspondente.
  - ❖ As medidas de atención específica poden ser de dous tipos:
    1. Curricular que afectan ao ensino (reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilización de idade
    2. Organizativo:
      - Grupos de adquisición das linguas
      - Grupos de adaptación da competencia curricular
  - ❖ Todo/a alumno/a que se incorpore ao centro, así como a súa familia debe coñecer:
    - Curso ao que se incorpora
    - As medidas de atención específica, no caso de que se adopten.
    - Que materiais corresponde ao curso
    - O horario e o calendario escolar
    - O sistema de avaliación e de comunicación as familias
    - Quen é o profesor titor ou profesora titora.
    - O material escolar básico (información de axudas ou becas segundo o nivel).
    - Normas xerais de convivencia e comportamento : NOF
    - As informacións sobre a forma na que se desenvolven as actividades extraescolares e complementarias.
    - Explicación sobre o tipo de centro ao que acoden os seus fillos/as e os órganos de goberno (directora, secretaria, xefa de estudos), participación

(consello escolar e claustro) e de coordinación (equipos de ciclo, actividades extraescolares...)

- En canto aos servizos complementarios, teremos presente que todo o alumnado dos Centros públicos de niveis de ensino obrigatorio que teñan o seu domicilio a unha distancia do centro superior a dous quilómetros, teñen dereito a transporte escolar. Asemade os alumnos poden ser usuarios do comedor escolar para o que os seus titores legais deben cumprimentar unha ficha de inscrición facilitada pola ANPA do Centro ( organismo que xestiona o comedor escolar)
- Terán acceso á gratuidade dos libros de texto, nos niveis e nas mesmas condicións que o resto do alumnado, así como ás axudas para libros e outros materiais que convocan as administracións.

## **OBXECTIVOS**

1. Asumir como centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
2. Favorecer para eles unha adaptación progresiva ao centro.
3. Conseguir que os pais e o propio alumnado estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.
4. Fomentar actitudes de respecto cara estes alumnos e alumnas e facilitar o proceso da súa integración
5. Ofrecer un recoñecemento e unha valoración positiva da súa cultura incorporándoa a escola.
6. Potenciar o intercambio e a interrelación
7. Vivir a diversidade como un aspecto que posibilita o enriquecemento mutuo.

## **MEDIDAS DE ACTUACIÓN**

O equipo directivo porá especial coidado nalgúns pequenos detalles no proceso ordinario de matriculación para que se traduza nun verdadeiro momento de acollida (información sobre o sistema educativo español, cuestións de organización do centro, existencia de servizos sociais do concello...)

Se descoñecen as dúas linguas oficiais da nosa comunidade, facilitaráselle esta información por escrito, preferiblemente traducida ao seu idioma.

Explicaráselle as familias o funcionamento do centro e cubrirase xunto con eles o modelo de solicitude de admisión.

A orientadora procederá a recoller unha información máis precisa sobre a súa procedencia, lingua, escolarización previa, situación laboral e familiar, ...

Escolarizarase ao alumno/a no curso que lle corresponde pola idade.

A través da avaliación inicial e da avaliación psicopedagóxica determinaranse as necesidades educativas e as medidas tanto de tipo curricular como organizativo pertinentes

❖ O profesor/a titor/a recibirá ao neno o primeiro día de clase atendendo aos seguintes aspectos:

- Programará en colaboración co departamento de orientación unhas actividades de acollida.
- Atenderao tanto na clase como nos períodos de recreo e nas entradas e saídas.
- Proporcionaralle unhas pautas de traballo e unhas normas de convivencia e comportamento para que as vaia incorporando pouco a pouco.
- Ensinaralle os espazos da aula e os espazos comúns.
- Co alumnado que non coñeza ningunha das linguas oficiais, buscaremos a comunicación doutro xeito, dirixíndonos a eles con mensaxes claras e contextuais, axudándonos de gráficos, imaxes ou algún xesto:
  - ✓ Debemos darlle un bo modelo lingüístico.
  - ✓ Evitaremos que estea incomunicado moito tempo.
  - ✓ Non daremos por boas as frases incorrectas
  - ✓ Colaboraremos todos no tema da pronuncia.
  - ✓ Procuraremos que o novo alumno/a se esforce na comprensión.
- Ambientará a aula de forma que facilite a aprendizaxe: murais, imaxes...
- Comunicaralle aos pais/nais as medidas que se estableceron para o seu fillo/a



- Programará actividades encamiñadas ao coñecemento e enriquecemento común de ambas culturas.

**Todos os que chegamos á escola vimos dunha diversidade vivida e condicionada, chegamos cunha visión particular do mundo, uns medios económicos concretos, unhas ideas políticas, éticas e relixiosas e todo isto dentro dunha cultura concreta, determinada pola familia e polo lugar onde vivimos (pobo, cidade, nacionalidade...)**

**A ESCOLA É O FORO ONDE SE REÚNEN TODAS AS CULTURAS DOS INTEGRANTES DA COMUNIDADE ESCOLAR**

Este Plan foi aprobado na reunión de Claustro de Profesores celebrada o día 30 de xuño de 2015 e será revisado anualmente nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica a través dos Coordinadores de Ciclo.

## **PLAN DE ACOLLIDA DOS ALUMNOS/AS DE TRES ANOS DE EDUCACIÓN INFANTIL. PERÍODO DE ADAPTACIÓN**

Orde do 22 de maio de 2022 (DOG do 2 de xuño): “Os centros docentes que impartan a etapa de educación infantil poderán optar por unha incorporación gradual do alumnado matriculado no cuarto curso da etapa, que non se prolongará máis alá do día 16 de setembro de 2022”

No equipo de E.I. planifícase unha serie de medidas organizativas e pedagóxicas, destinadas a favorecer a adaptación do neno/a ao noso Centro

Realizárase reunións e entrevistas coas familias, así como a planificación do período de adaptación que comprende a incorporación graduada e cun horario reducido e progresivo dos alumnos/as de tres anos.

O tratamento que lle damos aos nenos/as que veñen por primeira vez o centro empeza ao rematar o curso anterior a súa escolarización. No mes de xuño convócanse aos pais/nais ou titores legais dos alumnos de nova incorporación a unha reunión coas titoras e coa dirección do centro, na que se tratarán os seguintes aspectos:

ORGANIGRAMA DO CENTRO

CALENDARIO ESCOLAR PARA O NOVO CURSO ACADÉMICO

HORARIO DE ATENCIÓN A NAIS E PAIS

XORNADA ESCOLAR

ASISTENCIA Á CLASES

PARTICIPACIÓN DOS PAIS NA VIDA DO CENTRO

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Asemade nesa reunión facilítase as familias os seguintes documentos:

- “Cuestionario para determinar a lingua materna do alumno/a” (Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilinguismo no ensino non universitario de Galicia)
- Autorización para a emisión de fotografías
- Autorización para a publicación da imaxe do alumno/a no recurso educativo en liña/pax web do Centro.

#### **FASES E ACTUACIÓNS**

1. O esforzo que supón a entrada á escola( nova situación, novas persoas, espazos diferentes...) Ten que ser unha tarefa compartida entre todos: familia, escola, profesorado e nenos/as
2. Folleto informativo cunha serie de recomendacións que teñen como obxectivo orientar nas intervencións das familias co seu fillo/a durante o mes de setembro para que vaian interiorizando hábitos, control de esfínteres, hixiene, horarios, descanso....
3. Exposición do período de adaptación:  
Co fin de evitar cambios bruscos na vida dos nenos/as, faranse grupos pequenos seguindo os criterios que o profesorado considere máis axeitado:
  - Equilibrio entre nenos e nenas
  - Idade segundo a data de nacemento
  - Integración (como se adapta, chora, cústalle separarse ao despedirse, etc
  - Orde alfabética
4. Horario reducido e progresivo ampliando o tempo de permanencia do neno/a no Centro

- No mes de setembro levarase a cabo o período de adaptación cun horario establecido, empezando nas entradas cun número de nenos/as escalonado segundo criterio das titoras.
- O educador debe:
  - Adecuar espazos.
  - Dispoñer de xoguetes e recursos materiais.
  - Transmitirle aos nenos/as seguridade, afectividade, cordialidade, etc.

No mes de setembro haberá unha segunda reunión conxunta coas familias dos novos alumnos/as, antes do comezo das clases, na que se explicará máis polo miúdo o período de adaptación do alumnado e concretarase cales son os alumnos que comezarán e o horario a cumprir.

O proceso de adaptación remata no mes de setembro. A partires desta data todos os nenos/as deberán estar integrados na aula e no Centro asistindo xuntos ás clases e cun horario completo.

. Este período de adaptación desenvolverase deste xeito:

Durante o presente curso, o período de adaptación desenvólvese tomando como referencia a Orde do 20 de maio de 2022, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa duración estendeuse dende o xoves día 8 ata o venres 16 de setembro de 2022 e consistiu nunha incorporación gradual á escola por parte do alumnado de 4º de educación infantil, cuxa característica principal foi a flexibilidade dos tempos e dos agrupamentos.

Empregando como criterio a orde alfabética establecéronse dúas quendas tal e como figura no seguinte cadro:

GRUPO A	GRUPO B
6 alumnos/as	5 alumnos/as

Así mesmo, a distribución horaria quedou organizada en cada xornada tal e como se expón de seguido:

Xoves 8 de setembro
---------------------

Grupo A: de 10:00h a 10:45h
Grupo B: de 11:00h a 11:45h

Venres 9 de setembro
Grupo B: de 10:00h a 11:00h
Grupo A: de 11:15h a 12:15h

Luns 12 de setembro
Grupo A: de 10:00h a 11:15h
Grupo B: de 11:30h a 12:45h

Martes 13 de setembro
Grupo B: de 10:00h a 11:30h
Grupo A: de 11:30h a 13:00h.

Mércores 14 de setembro
Grupo A: de 10:00h a 11:45h.
Xoves 15 de setembro
Todo o grupo acudirá de 10:00h a 12:30h

Venres 16 de setembro
Todo o grupo acudirá de 10:00h a 13:00h

## **PLAN DE INCLUSIÓN DO NOVO DOCENTE NO CEIP DO FOXO**

### **Para que un plan de inclusión do profesorado novo?**

Os centros educativos, se de verdade pretenden funcionar dende unha filosofía de inclusión, deben contar con procedementos que permitan dar oportunidades de participación a cada un dos membros da comunidade educativa: alumnos, familias e profesores.

Cando un novo alumno chega ao noso centro, cambia de etapa ou de ciclo, actívase un plan de benvida e acollida para el/ela e a súa familia, isto é, pónense en marcha unha serie de actuacións xa establecidas no Proxecto Educativo e que foron acordadas polo claustro de profesores a fin de que alumnos e familias se sintan a gusto dende o primeiro momento cos seus novos compañeiros e profesores.

Sen embargo, cando un profesor/a se incorporaba a principios de curso ou unha vez iniciado este, non existía ata o momento ningunha planificación da súa acollida. Non se trata dunha

debilidade exclusiva do noso centro, senón que afecta á maioría dos colexios, onde ás veces dita actuación está contemplada no Proxecto Educativo pero de maneira moi xenérica ou si se fai pero non moi planificada ou non se avalía. Sen embargo, a máis moderna literatura científica (Ainscow y Booth no documento "Index for inclusion", por exemplo) inclúe a acollida de novos docentes como un dos items a avaliar dentro do proceso de inclusión dun centro.

A mobilidade do profesorado non é tan elevada no noso centro coma noutros, pero aínda así dous ou tres profesores/as (máis as baixas que se teñan que cubrir) chegan cada novo curso debendo adaptarse a novas formas de organización, de traballo, novas normas, novos costumes... Todo isto pode ser case un caos se este comezo non se realiza de maneira planificada.

O documento que presentamos a continuación é o "Plan de acollida do CEIP do Foxo". Dito documento foi aprobado polo Claustro de Profesores por unanimidade na súa sesión do 22 de OUTUBRO de 2012, tras un proceso de estudo en consulta no que participou todo o profesorado do centro.

Os obxectivos deste plan son os seguintes.

- Favorecer a rápida integración dos novos profesores no noso colexio.
- Dar a coñecer aos novos profesores o plan educativo do centro, a súa normativa e funcionamento.
- Dar a coñecer aos novos profesores as características do grupo/s de alumnado co que ten que traballar.
- Favorecer un clima de traballo positivo entre todo o profesorado.
- Poñer en práctica os valores da "escola inclusiva", onde todos os involucrados se fan responsables de todos, é dicir, toda a comunidade educativa asume o coidado e acollida dos seus integrantes.
- Propiciar a participación de todos os membros da comunidade educativa, entre eles os novos profesores.

## **PROCEDEMENTO**

## 1. PRESENTACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.

1.1. O novo docente é recibido polo Secretario/a do centro

1.2. O Secretario o acompaña ata a dirección onde é atendido polo Director/a.

1.3. O Director/a dálle a benvida e lle explica que dende ese momento vaise activar o plan de acollida de novos profesores (lle explica en que consiste, que terá que facer o docente e con quen). Preséntalle ao Xefe/a de Estudos e dille que ao final da xornada haberá unha sesión de presentación ao resto do Claustro na sala de profesores..

## 2. ENTREGA DO "DOSIER DE DOCUMENTACIÓN PARA NOVOS PROFESORES DO CEIP DO FOXO"

O Director/a fálle entrega do "Dosier de documentación para novos profesores do CEIP do Foxo", unha carpeta que contén os seguintes elementos:

- Pen-drive/DVD ou similar con toda a información dixitalizada.
- Plano do centro, onde se marca a súa aula, saída de emerxencia e dependencias principais.
- Datos básicos do centro: tipo de centro, alumnado, profesorado, servizos (transporte, extraescolares...) datos de contacto, web, blogs ou similares, revista do centro, funcionamento da biblioteca, ANPA...
- Normativa do centro: Proxecto Educativo, NOF, Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial, Plan TIC, Plan de Atención á Diversidade, proxectos que se levan a cabo no centro, normativa de patio (portas de saída e entrada, procedemento, vixilancia, permiso para ir ao baño, xoguetes permitidos, reparto das zonas de xogo, existencia ou non de caderno de incidencias...)
- Material con que conta o profesor: material de aula, TIC, etc.
- Conexión wifi
- Chaves que se precisan e a quen llas pedir.

- Horarios: de alumnado e profesorado (exclusiva, reunións, patio: cando, onde, como...)
- Entradas e saídas de alumnado: portas de saída e de entrada, horarios, funcionamento do timbre, acompañamento do alumnado polos titores, control da asistencia e puntualidade dos alumnos, acceso dos pais e nais
- Formas de comunicación familia-escola: horarios de titoría, existencia ou non de caderno do alumno, formularios de notas para os pais, horarios de atención telefónica aos pais...
- Formularios habituais do centro, circulares... (un exemplar de cada)
- Listaxe do grupo de alumnos do que será responsable (nomes, fotos, datos de contacto, enfermidades, características a salientar...)
- Listaxe de profesorado e persoal non docente: areas que imparten, cursos, se son titores ou non, se son responsables doutra cousa ou teñen algún cargo distinto, onde está o profesorado cando ten horas libres...)
- Procedemento a seguir en caso de urxencia médica
- Procedemento a seguir se hai que dar un aviso a algún alumno ou tomara algunha medida derivada dalgunha falta cometida polo alumno/a
- Procedemento a seguir en caso de que se precise material
- Procedemento a seguir nos cambios de hora, se hai que recoller ao alumnado e onde
- Funcións do persoal non docente do centro
- Taboleiros do centro e tipo de información que conteñen
- Representantes sindicais

- Outras informacións de interese: onde se pode comer (no centro e no contorno, como chegar ao centro por coche e bus, onde aloxarse, onde tomar café, vida cultural do contorno...)

### 3.- CUMPLIMENTACIÓN DA "FICHA DO PROFESOR"

3.1. O Director/a acompaña ao profesor a Secretaría, onde cubre a ficha en Secretaría cos seus datos básicos.

4.- TOUR POLO CENTRO, cun membro do Equipo Directivo.

5.- ENCONTRO CO CLAUSTRO DE PROFESORES.

5.1. O director leva ao novo profesor/a á Sala de Profesores onde é presentado ao resto dos compañeiros. Dita xuntanza será preferentemente no recreo xa que hai máis tempo e é máis distendido. Pódese planificar unha xuntanza máis formal, por ciclos ou con todo o conxunto de profesores.

6.- PROFESOR MENTOR

6.1. Ao profesor novo asignáselle un profesor-mentor que o acompañe durante o primeiro mes. Fará a función de titor, resolveralle pequenas dúbidas que lle poidan ir xurdindo. Este profesor será preferiblemente un profesor do mesmo ciclo.

7.- AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA.

6.1. Unha vez rematados todos os pasos, a Secretaria faille entrega da enquisa de avaliación do plan de acollida (grao de satisfacción e funcionalidade da información presentada), que o docente deberá entregar nun prazo de 2 días.

ITEMS A VALORAR	PUNTUACIÓN
A información que recibín ao chegar ao Centro foi suficiente	
No momento da incorporación sentínme benvido	



As reunión dos equipos proporcionan información útil	
Recibín suficiente información sobre o grupo de alumnos e as areas a impartir	
Considero que existe un bo ambiente de traballo	
O profesor- mentor facilitoume a inclusión no Centro	
Conto coa colaboración doutros Mestres do Centro	
Conto coa colaboración dos membros do Equipo docente	
Dispoño de materiais e recursos suficientes para realizar o meu traballo	

## 16. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Alumnos por centro e ensinanza

Convocatoria de traballo: 2022/2023

36002773-CEIP do Foxo

Parada	Provisoria	4º Inf.	5º Inf.	6º Inf.	2º Pri.	3º Pri.	4º Pri.	5º Pri.	6º Pri.	Totais
CEIP do Foxo	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0
O Sol	Non	0	0	1	0	0	0	1	0	2
FIGUEIRA	Non	0	0	0	0	0	1	0	0	1
Vilafruzil	Non	0	1	0	0	2	0	1	1	5
POUSADA	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Calobre (Igrexa)	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0
BARRIBROS	Non	0	0	0	0	0	0	0	1	1
CIMADEVILA	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Aldea Grande I	Non	1	0	2	0	0	0	0	0	3
Aldea Grande II	Non	0	0	2	0	0	0	0	1	3
A Casina	Non	0	0	0	0	0	1	0	0	1
VILAR	Non	0	1	0	0	0	0	0	0	1
NOGUEIRA	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0
LIÑARES	Non	0	0	0	1	1	2	1	0	5
<b>Totais</b>		<b>1</b>	<b>2</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>22</b>

Todos os centros

Parada	4º Inf.	5º Inf.	6º Inf.	2º Pri.	3º Pri.	4º Pri.	5º Pri.	6º Pri.	Totais
CEIP do Foxo	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Alumnos por centro e ensinanza

Convocatoria de traballo: 2022/2023

36002773-CEIP do Foxo

Parada	Provisoria	5º Inf.	6º Inf.	1º Pri.	2º Pri.	3º Pri.	4º Pri.	5º Pri.	6º Pri.	Totais
CEIP do Foxo	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Penia Do Foxo	Non	1	0	0	0	0	1	1	0	3
CORTES	Non	0	0	0	0	1	0	0	0	1
Curantes Novo	Non	1	1	0	1	0	0	1	0	4
As Pereleiras	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Fleitoso	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Fraiz I	Non	0	0	0	1	0	0	0	1	2
A Somoza	Non	0	0	1	0	0	0	0	0	1
Esmoris	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0
PAZOS	Non	0	1	0	0	0	1	0	0	2
Viladafonso	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>Totais</b>		<b>2</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>13</b>

Todos os centros

Parada	5º Inf.	6º Inf.	1º Pri.	2º Pri.	3º Pri.	4º Pri.	5º Pri.	6º Pri.	Totais
CEIP do Foxo	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Penia Do Foxo	1	0	0	0	0	1	1	0	3
CORTES	0	0	0	0	1	0	0	0	1
Curantes Novo	1	1	0	1	0	0	1	0	4

Alumnos por centro e ensinanza

Convocatoria de traballo: 2022/2023

36002773-CEIP do Foxo

Parada	Provisoria	1ª Pri.	2ª Pri.	4ª Pri.	5ª Pri.	6ª Pri.	Totais
CEIP do Foxo	Non	0	0	0	0	0	0
Veiga Da Braña	Non	1	0	0	0	0	1
Birigueira	Non	0	0	0	0	0	0
Correiras	Non	0	0	0	0	0	0
Golfariz	Non	0	1	0	0	1	2
A Calle	Non	0	0	0	0	0	0
CASTRELO	Non	0	0	0	0	0	0
PARADA	Non	0	1	1	0	0	2
San Louzans	Non	0	0	0	0	0	0
SOBRADO	Non	1	0	0	1	0	2
Sequeiros	Non	0	0	1	0	0	1
Balseiros	Non	0	0	0	0	0	0
<b>Totais</b>		<b>2</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>8</b>

Todos os centros

Parada	1ª Pri.	2ª Pri.	4ª Pri.	5ª Pri.	6ª Pri.	Totais
CEIP do Foxo	0	0	0	0	0	0
Veiga Da Braña	1	0	0	0	0	1
Birigueira	0	0	0	0	0	0

Alumnos por centro e ensinanza

Convocatoria de traballo: 2022/2023

36002773-CEIP do Foxo

Parada	Provisoria	4ª Inf.	2ª Pri.	3ª Pri.	4ª Pri.	5ª Pri.	Totais
CEIP do Foxo	Non	0	0	0	0	0	0
O Sol	Non	0	1	0	0	0	1
OS LOUREIROS	Non	1	0	0	1	0	2
Pousadela	Non	0	0	0	1	0	1
MAMUELA	Non	0	0	0	0	0	0
Meitel	Non	0	0	1	1	0	2
Naval	Non	0	1	0	0	1	2
Barro	Non	0	0	0	1	0	1
<b>Totais</b>		<b>1</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>9</b>

Todos os centros

Parada	4ª Inf.	2ª Pri.	3ª Pri.	4ª Pri.	5ª Pri.	Totais
CEIP do Foxo	0	0	0	0	0	0
O Sol	0	1	0	0	0	1
OS LOUREIROS	1	0	0	1	0	2
Pousadela	0	0	0	1	0	1
MAMUELA	0	0	0	0	0	0
Meitel	0	0	1	1	0	2
Naval	0	1	0	0	1	2

Alumnos por centro e ensinanza

Convocatoria de traballo: 2022/2023

36002773-CEIP do Foxo

Parada	Provisoria	5ª Inf.	6ª Inf.	1ª Pri.	2ª Pri.	4ª Pri.	5ª Pri.	6ª Pri.	Totais
CEIP do Foxo	Non	0	0	0	0	0	0	0	0
Peña do Foxo (Agar)	Non	0	0	0	1	1	0	0	2
Sorribas	Non	0	1	1	0	0	1	0	3
Pepe	Non	1	0	0	0	0	0	1	2
San Lois	Non	0	0	0	0	0	1	0	1
PAZOS	Non	0	0	0	0	0	0	0	0
GROSA	Non	0	0	0	0	0	0	0	0
Seijas	Non	0	1	0	1	0	0	0	2
Penabesira	Non	0	1	0	0	0	0	0	1
<b>Totais</b>		<b>1</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>13</b>

Todos os centros

Parada	5ª Inf.	6ª Inf.	1ª Pri.	2ª Pri.	4ª Pri.	5ª Pri.	6ª Pri.	Totais
CEIP do Foxo	0	0	0	0	0	0	0	0
Peña do Foxo (Agar)	0	0	0	1	1	0	0	2
Sorribas	0	1	1	0	0	1	0	3
Pepe	1	0	0	0	0	0	1	2
San Lois	0	0	0	0	0	1	0	1
PAZOS	0	0	0	0	0	0	0	0

ta.gal/transporteescolar/priv/Usuarios/ServizoPorCursoDesdeDetalleAction.do?DIALOG-EVENT=buscar=buscar&codServizo=65801901001&vltar=detalle&codTipoServizo=1

Ferreira Castro, Rosa Maria

Convocatoria de traballo: 2022/2023

### Alumnos por centro e ensinanza

#### 36002773-CEIP do Foxo

Parada	Provisoria	1º Pri.	2º Pri.	4º Pri.	5º Pri.	6º Pri.	Totais
IES Nº 1	Non	0	0	0	0	0	0
IES Antón Losada Diáquez	Non	0	0	0	0	0	0
IES Manuel García Barros	Non	0	0	0	0	0	0
Concello da Estrada	Non	0	0	0	0	0	0
LIÑARES	Non	0	0	0	0	0	0
NOGUEIRA	Non	0	0	0	0	0	0
VILAR	Non	0	0	0	0	0	0
A Casaña	Non	0	0	0	0	0	0
Aleoa Grande I	Non	0	0	0	0	0	0
Aleoa Grande II	Non	0	0	0	0	0	0
Os Baloiros	Non	0	0	0	0	0	0
Soutelo-Bemposta	Non	0	0	0	0	0	0
Cruce Igrexa (Rubín)	Non	0	0	0	0	0	0
Veiga Da Braña	Non	1	0	0	0	0	1
Birbiqueira	Non	0	0	0	0	0	0
PAZOS	Non	0	0	0	0	0	0
CARBALLAL	Non	0	0	0	0	0	0
Correais	Non	0	0	0	0	0	0
Besardiña	Non	0	0	0	0	0	0

10:57 17/09/2022

ta.gal/transporteescolar/priv/Usuarios/ServizoPorCursoDesdeDetalleAction.do?DIALOG-EVENT=buscar=buscar&codServizo=62000601001&vltar=detalle&codTipoServizo=1

Ferreira Castro, Rosa Maria

Convocatoria de traballo: 2022/2023

### Alumnos por centro e ensinanza

#### 36002773-CEIP do Foxo

Parada	Provisoria	4º Inf.	5º Inf.	6º Inf.	1º Pri.	2º Pri.	3º Pri.	4º Pri.	5º Pri.	6º Pri.	Totais
CEIP do Foxo	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
REDONDO	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
PORTO	Non	2	0	3	1	2	1	0	1	1	11
Ulla I	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ulla II	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
O PEREIRO 2	Non	1	0	0	0	0	1	0	0	0	2
A Mouteira	Non	0	0	1	1	0	0	1	2	0	5
Rocafort	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Cano Sifon	Non	0	1	1	0	0	0	0	0	0	2
MATO	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Vila Do Sol	Non	1	0	0	1	1	0	1	0	0	4
Celeiróns	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
A RIBEIRA	Non	0	0	0	1	1	0	1	0	0	3
Vilancosta	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>Totais</b>		<b>3</b>	<b>1</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>25</b>

#### Todoos centros

Parada	4º Inf.	5º Inf.	6º Inf.	1º Pri.	2º Pri.	3º Pri.	4º Pri.	5º Pri.	6º Pri.	Totais
CEIP do Foxo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

11:00 17/09/2022

ta.gal/transporteescolar/priv/Usuarios/ServizoPorCursoDesdeDetalleAction.do?DIALOG-EVENT=buscar=buscar&codServizo=62000701001&vltar=detalle&codTipoServizo=1

Ferreira Castro, Rosa Maria

Convocatoria de traballo: 2022/2023

### Alumnos por centro e ensinanza

#### 36002773-CEIP do Foxo

Parada	Provisoria	4º Inf.	5º Inf.	6º Inf.	1º Pri.	2º Pri.	4º Pri.	5º Pri.	6º Pri.	Totais	
CEIP do Foxo	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
Vantosaia	Non	0	0	0	0	0	0	2	1	1	4
Gonten	Non	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1
DEVESA	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Aleoa Grande	Non	1	1	0	0	1	1	1	0	0	4
Portocela	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
A PENA	Non	0	0	0	1	0	1	0	0	0	2
A Mota II	Non	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
A Mota III	Non	0	0	1	0	0	0	0	0	1	2
<b>Totais</b>		<b>1</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>13</b>	

#### Todoos centros

Parada	4º Inf.	5º Inf.	6º Inf.	1º Pri.	2º Pri.	4º Pri.	5º Pri.	6º Pri.	Totais
CEIP do Foxo	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Vantosaia	0	0	0	0	0	2	1	1	4
Gonten	0	0	0	0	0	0	1	0	1
DEVESA	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Aleoa Grande	1	1	0	0	1	1	1	0	4
Portocela	0	0	0	0	0	0	0	0	0

11:03 17/09/2022

## 17. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O servizo de comedor, que no noso caso prestase con carácter opcional, comprenderá a comida do mediodía, a atención aos comensais, así como os períodos posteriores ao xantar. A súa duración estendese desde as 13.15 ata as 15.35 h. Só os luns e mércores (días de xornada dobre) Xustificase este servizo como elemento conciliador da vida familiar e laboral, así como evitar a dobre do transporte escolar nos días de clase pola tarde.

### **XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR**

A xestión do servizo de comedor no noso Centro vense realizando coa modalidade C do artigo 2º do Decreto 10/2007 do 25 de xaneiro (DOG do 6 de febreiro), ou a exposta no punto 3. do mesmo artigo: catering xestionado e financiado pola ANPA do Colexio.

### **QUENDAS E NÚMERO DE ALUMNOS.**

O número de alumnos usuarios fixos do comedor escolar é de 47 alumnos e alumnas. E prevese a asistencia de 20 usuarios esporádicos. Realízase unha única quenda

### **NORMAS DE FUNCIONAMENTO**

#### **O ALUMNADO**

- Todos os alumnos serán recollidos polas monitoras no Salón de Actos, unha vez finalizadas as clases da mañá.
- Todos os alumnos deixarán as cazadoras nas cadeiras do Salón
- Todos os alumnos deberán ter lavadas as mans para entrar no comedor.
- Entrarán no comedor a indicación dos monitores, en silencio e colocaranse sempre no mesmo sitio, salvo cambio autorizado por un monitor/a.
- Durante o xantar falarán baixo, sen berrar e prestarán atención ás indicacións que se lle fagan.
- Todos os comensais deberán comer o que corresponda cada día, salvo aqueles que por razóns de saúde non poden tomar algún alimento, que deberán comunicalo por escrito á Dirección.
- Procurarán comer usando correctamente o cuberto, evitando falar coa boca chea.
- Non se levantarán da mesa sen autorización

- Farán saber ao monitor encargado as incidencias que ocorran na mesa se este non as advertiu.
- Evitarán tirar ao chan os cubertos ou restos de comida. Se o fixeron terán que recollelos antes de marcharse.
- Facer bo uso da menaxe, xa que se se estraga a súa reposición xera un gasto.
- A saída efectuarase de modo organizado seguindo as indicacións do monitor encargado. Por quendas, os pequenos serán acompañados a limpar os dentes por algún maior.
- Durante todo o período de tempo que comprende o Servizo de Comedor, o alumnado permanecerá sempre dentro do recinto escolar, no patio ou no Salón de Actos.

En xeral, os alumnos obedecerán aos monitores aos que tratarán con respecto e educación. Os monitores faranse respectar sempre. Aqueles alumnos que non cumpra nas normas establecidas serán amoestados. A reincidencia no mal comportamento ou falta grave será comunicada á Xefatura de Estudos, que procederá en consecuencia. Se a falta é reiterada ou grave, poñerase no coñecemento do Director, quen poderá reclamar a presenza inmediata dos pais, se o considera oportuno. O alumno/a podería chegar a perder temporalmente o seu dereito ao uso do comedor e se houber reiteración a privación podería ser definitiva.

### **OS MONITORES/AS**

Actividades educativas que favorezan o desenvolvemento de hábitos relacionados coa hixiene.(lavar as mans, lavar os dentes, limparse a boca...) e coa alimentación saudable.

Vixiarán a entrada dos alumnos no comedor e a súa distribución no seu interior.

Controlarán que durante a comida ningún alumno saia ao baño, salvo excepcións.

Durante a comida , cada monitor/a repartirá o xantar nas mesas e orientará aos alumnos orientándoos no uso correcto do cuberto. Nalgúns casos, axudaralles a partir a carne, o peixe, a froita... tomando nota daqueles alumnos que sistematicamente non coman e , en xeral, resolvendo as incidencias que se presenten.

Na medida do posible, os alumnos maiores axudarán aos máis pequenos a partir a carne, o peixe, a froita... tamén poden axudar ás coidadoras a recoller ou a servir as mesas

No comedor o labor dos monitores/as é fundamentalmente educadora: manterán relacións correctas e respectuosas cos alumnos, propiciando o diálogo, pero mantendo á súa vez a autoridade e facéndose respectar. Os monitores evitarán falarlles a grandes voces.

Se algún alumno rexeita sistematicamente, e durante uns días a comida programada no comedor, pasarase un informe á familia e estudarase a conveniencia da súa continuidade.

En ningún caso se lle obrigará a inxerir os alimentos, o que non quere dicir que non se lle deba animar a comer, ou ao menos, probar algo do servido no prato.

De ningunha maneira deberán consentir actitudes groseiras ou antihixiénicas na mesa. O alumno que así se comporte será separado do grupo e terminará de comer en mesa aparte, como primeira medida. Se a pesar de iso persiste na súa actitude, dará por terminado o xantar.

Terminado o xantar, o alumnado permanecerá sentado ata que os monitores/as llelo indiquen.

- O comedor contará con 4 coidadoras.

- - As coidadoras do comedor recollerán ao alumnado usuario do comedor que terán como zona de espera o corredor da Sala de Profesores en dúas filas correspondentes a cada etapa
- Dúas das coidadoras faríanse cargo da quenda de Educación Infantil para hixiene e desinfección de mans, servir menús, e acompañamento ata a hora da saída.
- Outras dúas coidadoras faríanse cargo da quenda de Educación Primaria coas mesmas funcións que as anteriores.
- O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quenda.

O comedor comezará o día **3 de Outubro**.

- As coidadoras non son persoal sanitario autorizado, polo tanto non poden administrar ningún tipo de medicamento nin co consentimento das nais/pais/titores legais. Poderán vir as nais/pais/titores legais a administrarllelos previa comunicación e previa adopción das medidas hixiénico-sanitarias adecuadas.

- O prezo por menú do comedor é de **5,50 € por día**

## **AGRUPAMENTO DO ALUMNADO DESPOIS DA COMIDA E ACTIVIDADES**

Os monitores/as permanecerán xunto ao alumnado ata o momento do comezo das clases pola tarde.

Se o tempo o permite xogarán no patio nos espazos limitados e empregando os mesmos lugares que les tocou no recro durante o horario lectivo.

Se chove o alumnado distribuirase entre o salón de Actos e a Pinacoteca e patio posterior do edificio.

## **PREVISIÓN DE ACCIDENTES**

Para a vixilancia dos máis pequenos, as monitoras deberán ter especial coidado, procurando que o seu “radio de acción” sexa controlado en todo momento.

As monitoras deberán ser capaces de tomar decisións ante calquera imprevisto de urxencia e comunicar á dirección os feitos no mínimo tempo posible

- Caso de accidente leve: Curarase de maneira tópica con desinfectante e produtos do botiquín.

- Accidente de maior consideración: Chamarase ao 112 e avisarase á familia inmediatamente. Informarase ao Centro.

## **PLAN DE COMEDOR PARA O CURSO 2022-23**

As coidadoras recollerán ao alumnado de Educación Infantil ás 13.30 h, para proceder ao lavado de mans e sentarse no comedor ás 13.40. O resto de alumnado vaise incorporando ao comedor a partires das 13.40h.

O tempo estimado para rematar o xantar é ás 14.30 h.

Ao saír do comedor todo o alumnado, acompañado das 2 coidadoras, accederá aos baños coa finalidade de lavar as mans e os dentes. Os aseos que se empregarán serán os que están a carón da biblioteca e os do corredor do 1º andar. O alumnado maior acompañará ao alumnado de Educación Infantil nesta tarefa.

Unha delas queda no Salón e a outra controla o acceso aos baños.

Ao rematar agardan no Salón de Actos e despois saen ao recreo.

a) Se non chove: xogan no espazo do patio destinado ao alumnado de Educación Infantil.

b) Se chove: a metade do alumnado queda no Salón de Actos ( xogan coas motos, con xogos...) e a outra metade vai para a Pinacoteca(xoguetes)

Ás 15.35 h as coidadoras acompañan ao alumnado ás zonas de espera para a entrada da tarde

## 18. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

### PROTOCOLO PARA A SOLICITUDE.

Para a utilización das instalación do Centro por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade educativa, presentárase solicitude á dirección do Centro, aprobarase no Consello Escolar e tramitárase á Inspección educativa para que resolva a Xefatura Territorial. Cando a solicitude sexa para uso ocasional ou con carácter excepcional, a dirección do Centro poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o desenvolvemento normal da actividade docente. No caso do uso do pavillón por Equipos de Fútbol para adestramentos terán que ter concedida autorización da concellalía de Deportes do Concello da Estrada

A utilización das instalacións por parte da ANPA do Centro, só se requirirá a solicitude previa á dirección do Centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, sempre que no se altere el normal funcionamento do centro.

As instalacións do Centro poñeranse sempre a disposición da Administración para a Formación do Profesorado, cursos..

### ENTIDADES QUE AS USAN.

Instalación: PAVILLÓN		
Entidade que a usa	EQUIPOS DE FÚTBOL DA CONTORNA	
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais <input checked="" type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Fóra do horario lectivo	



Instalación: SALÓN DE ACTOS			
Entidade que a usa	ANPA do ceip do foxo		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Fóra do horario lectivo		

Instalación: LOCAL DO NOVO COMEDOR			
Entidade que a usa	ANPA DO CENTRO		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Fóra do horario lectivo		

Instalación: LOCAL DO ANTIGO COMEDOR			
Entidade que a usa	ANPA DO CENTRO		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Dentro e fóra do horario lectivo		

Instalación: BIBLIOTECA			
Entidade que a usa	ANPA DO CENTRO		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Fóra do horario lectivo		

## 19. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Actividade	• Monitor	• Día	• Horario	• Prezo
• Baile moderno	• Anacos. Proxectos socioeducativos	• Luns	• 17:15 a 18:45 h	• 10€
• Pintura ( a partir de 4 anos)	• Rosa	• Luns	• 17.15 a 18.15	• 15 €
• Pintura(a partir de 4 anos)	• Rosa	• Martes	• 16:00 a 17:30h	• 15€
• Pandeireta e baile tradicional	• Anacos. Proxectos socioeducativos	• Mércores	• 17.15 a 18.15	• 10 €

Pre-deporte	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Anacos. Proxectos socioeducativos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mércores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 17.15 a 18.15</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 10</li> </ul>
-------------	---	--	---	--

## 20. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 8, punto 5 di “os centros docentes poderán dedicar as horas de libre configuración (en 4º e 6º de educación Primaria) do Centro ao afondamento/reforzo dalgunha das áreas contempladas neste artigo. Así mesmo, poderán optar por establecer outra ou outras áreas que determine o centro, segundo o seu proxecto educativo e previa autorización da consellería competente en materia educativa. En todo caso respectarase o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios de equilibrio establecidos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario”.

A materia de libre configuración en 4º e 6º de educación Primaria dedícase ao afondamento ou reforzo e asocíase a materia de Lingua Galega (Expresión oral)

## 21. PLAN ANUAL DE LECTURA

### XUSTIFICACIÓN

Partimos da idea xeral de que a lectura é un instrumento fundamental na formación integral da persoa. A través dela, o individuo é quen de progresar nas súas potencialidades cognitivas, afectivas, morais, emocionais e creativas que lle axudarán a desenvolverse globalmente para ser máis libre e mellor, así como para prepararse para a vida. Na busca dese camiño de conformación persoal o neno/a debe estar acompañado das familias, educadores e sociedade en xeral.

A lectura é un instrumento que axuda a “ aprender a aprender”, a relacionarse co mundo, a experimentar, a expresar emocións, a divertirse, a crear...

## ANALISE DE PARTIDA E OBXECTIVOS

Tendo en conta as directrices do **proxecto lector** **preténdese** que este Plan axude a lograr os seguintes obxectivos:

1. Potenciar a comprensión lectora como base de todo aprendizaxe para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico, contribuíndo, en definitiva, ao crecemento persoal do alumnado
2. Traballar a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
3. Implicar ás familias no obxectivo de elevar a comprensión lectora dos seus fillos e fillas.
4. Aprender ao alumnado técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora e co funcionamento da biblioteca.
5. Desenvolver habilidades no proceso de busca de información tanto nos soportes tradicionais coma coas novas tecnoloxías.

Queremos que este Plan axude a desenvolver as propostas de mellora reflectidas nas memorias dos diferentes cursos

ACTUACIÓNS PREVISTAS	PROCEDEMENTOS A SEGUIR
Planificación e desenvolvemento diario da lectura nas súas diversas modalidades.  Desenvolvemento de estratexias	<ul style="list-style-type: none"><li>· Dedicar un tempo diario (sesión de lectura) á realización de actividades de lectura: exactitude, entoación, fluidez...</li><li>· Incluír diariamente actividades relacionadas coa comprensión lectora, xa sexa oral ou escrita nas distintas áreas do currículo.</li><li>· Dedicar un tempo semanal á realización de actividades de lectura nas diferentes áreas curriculares.</li><li>· Establecer estratexias de lectura de grupo en voz alta, prestando especial atención á exactitude, entoación, ritmo... do que le.</li><li>· Dar orientacións ao alumnado para facer lectura silenciosa (non mover a cabeza nin os beizos, non seguir co dedo, respectar o silencio na lectura para unha mellor comprensión...).</li><li>· Presentar actividades orais e escritas de comprensión lectora, diversificadas e adaptadas a cada ciclo, superando os reactivos exclusivos baseados no</li></ul>

COMPRESIÓN LECTORA

metodolóxicas que promovan a mellora da lectura.

recoñecemento ou memorización de feitos explícitos, para potenciar a interpretación de textos, as inferencias, a valoración de personaxes, a captación do sentido global dun texto, a detección das ideas principais e secundarias, a identificación das partes dun texto...

- Presentar modelos correctos e adecuados de entoación e exactitude lectora, a través do profesorado, de bos lectores e doutras persoas.
- Promover a participación no Club de lectura.

Expansión da biblioteca escolar a todo o centro.

- Potenciar a participación e implicación do alumnado na organización da biblioteca.
- Seleccionar a situación de diferentes recunchos lectores polo centro e do material a colocar en cada un deles.
- Dotar aos eBooks dispoñibles no centro de material bibliográfico adaptado ao alumnado dos diferentes ciclos.
- Dedicar un tempo específico semanal á lectura de libros da biblioteca nos recunchos, cos eBooks...
- Empregar a ficha-resumo de lectura “Eu lin”, adaptándoa aos diferentes niveis de cada unha das etapas, evitando que o seu uso se converta nunha tarefa ingrata, senón nun reforzo para o alumno lector.

Implicación das familias e institucións do entorno na potenciación do hábito lector

- Realizar lectura diaria na casa.
- Implicar ás familias no día a día da biblioteca escolar (dotar dun carné de biblioteca aos membros interesados das diferentes familias).
- Incorporar o regalo de libros como un hábito na vida diaria das familias.
- Narrar contos no fogar.
- Promover actuacións dende a ANPA que fomenten o gusto pola lectura nas familias e o alumnado.
- Implicar ás familias nas actividades programadas dende a Biblioteca sobre animación á lectura

ACTUACIÓNS  
PREVISTAS

PROCEDIMENTOS A SEGUIR

<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b>	Promover o gusto polo traballo ben feito, coidando a orde, a limpeza e a caligrafía nas producións escritas	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Unificar a pauta de escritura entre EI e primeiro ciclo de EP.</li> <li>· Unificar criterios en toda a EP sobre a presentación dos traballos e o uso do espazo: marxes, interliñado entre actividades, uso do bolígrafo...</li> </ul>
	Desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que promovan a mellora da escritura, respectando a sintaxe, gramática e ortografía das linguas galega e castelá.	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Aumentar o vocabulario do alumnado, atendendo ao seu nivel.</li> <li>· Seguir estratexias de redacción de textos, comezando pola elaboración de frases e rematando pola construción de textos de maior amplitude nos niveis máis elevados</li> <li>· Dedicar un tempo semanal nas linguas á produción de textos escritos sobre vivencias persoais do alumnado, narrando correlativamente os acontecementos vividos.</li> <li>· Realizar descrições de persoas, animais, obxectos e lugares próximos ao alumnado.</li> <li>· Elaborar contos seguindo a orde de presentación de personaxes, trama ou formulación do problema, e final ou resolución do mesmo.</li> <li>· Empregar a ficha-resumo de lectura “Eu lin” para os libros da biblioteca.</li> <li>· Incorporar algún “Pereiriños” con producións escritas do alumnado sobre novas, saídas...</li> <li>· Reforzar o uso do resumo nas linguas e coñecemento do medio, coidando que o alumnado preste atención á secuenciación de ideas.</li> </ul>

- a) Este Plan de lectura vai apoiar ao **proxecto de Centro**, que durante este curso leva por título *SobreVoando a Estrada*

Todos os cursos tratarán de traballar, nas distintas áreas, sobre este proxecto, para conseguir a adquisición de competencias claves dos alumnos. Introducirán nas súas UDIs os estándares de aprendizaxe avaliábeis que poidan traballar con respecto a este proxecto de Centro.

O Equipo da biblioteca escolar, o Equipo Tic e o equipo de Dinamización da Lingua Galega, así como co equipo de mestres ue participn nos distintos plans de Innovación, traballarán

conxuntamente na programación e desenvolvemento de actividades e plan nos que está inmerso o Centro.

As actividades complementarias axudarán a traballar contidos e estándares relacionados co proxecto de Centro e cos distintos plans nos que participa o Centro.

Asemade o centro participa por terceiro ano consecutivo no programa de Educación Responsable que vai incidir sobre o aspecto emocional da educación .

## **ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA**

Continuamos coa centralización da Biblioteca para despois poder conformar as bibliotecas de aula e os diferentes recantos de lectura

O espazo para ler pode ser calquera lugar do Centro; xa que , se deseñan recunchos de lectura en función dos temas ou dos espazos nos que se desenvolven as actividades. Traballamos cunha Biblioteca expandida.

Así pódese ler na propia aula: na hora de ler, nas distintas áreas,...; na Biblioteca, para o que se establece un horario por titorías e para atención polas persoas do Equipo de biblioteca; no Salón de Actos “Manuel Daniel Varela Buxán” nas distintas postas en común dos traballos desenvolvidos por titorías; no Xardín da poesía: Día das Bibliotecas escolares, Xornadas poéticas, Día de Rosalía, Día do libro...; no patio, na hora do recreo....

## **ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.HORA DE LER**

Está recollido no PEC a programación, dentro do horario lectivo, de 20 minutos diarios de lectura, que durante este curso seguiremos respectando. Farase despois do recreo, de luns a xoves, cando comeza a cuarta sesión da mañá e o mestre encargado da mesma será o mestre que teña clase esa sesión.

Nese espazo de tempo, todas as persoas do centro dedícanse a facer distintos tipos de lectura programada (silenciosa, en común, de profesores, dalgunha persoa de fóra, d; no patio e alumno a alumno...).

Asemade dentro do Proxecto “Escoito aos maiores... aprendo a pensar” coa finalidade de potenciar a intervención das familias nas actividades propostas desde a Biblioteca Escolar, incluírase a conmemoración do día de Neira Vilas , ...

Por todo isto solicitamos a intervención de avós, familiares, veciños,... para vir ao Centro a contar, ler, informar,... falar cos alumnos/as: ler un conto, contar unha historia, faladoiro,tertulia,outras...

Recomendacións lectoras.- Para realizar estas actividades, aos mestres faciláselles unha cesta de libros adaptados ao seu nivel... Cada profesor leva un rexistro dos libros lidos. Cada alumno/a fai unha valoración da lectura realizada ao acabar o libro que se recolle nunha ficha que servirá de base para próximas recomendacións lectoras.

Durante este curso académico solicitarase unha “maleta viaxeira” con fondos bibliográficos dirixidos ás familias que se lle poderán ofertar para levar en préstamo.

Dúas veces durante o curso académico (No Nadal e no verán)recoméndanse lecturas conxuntas entre cinco Centros da zona : Oca, Figueiroa, Codeseda, Pérez Viondi e Foxo.

Vaise participar no plan de Voluntariado de Lecturas cos alumnos de 5º e 6º que axudan a organizar a biblioteca e tamén fan lecturas compartidas aos cursos inferiores. Adaptan e dramatizan lecturas para os compañeiros doutros cursos, tendo en conta as suxestións de cada profesora titor/a

### **LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS DA BIBLIOTECA**

#### **a) En relación coa organización e xestión:**

A Biblioteca ten unha profesora responsable que non ten só un labor técnico, senón pedagóxico, ofrecendo a toda a comunidade educativa a posibilidade de acceder as fontes de información e o acceso á lectura como fonte de lecer e de enriquecemento persoal. Tamén realiza xunto co equipo de Biblioteca labores de rexistro, organización e catalogación.

Existe un equipo de mestres da Biblioteca , formado por profesorado dos distintos cursos, que traballan de xeito coordinado para conseguir os obxectivos propostos. Este Equipo encárgase de labores de adquisición de fondos, rexistro, organización e catalogación. Este Equipo reunírase unha vez ao mes para coordinar estas tarefas.

O rexistro de fondos , de recente adquisición e antigos, farase co programa Koha.

A principios de curso elabórase un díptico que é remitido ás familias para indicar o procedemento para acceder a eses fondos, en colaboración co Equipo Tic.

Seguiremos coa catalogación e reorganización dos fondos

#### **b) En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:**

- Elaboración de guías de lectura con fondos existentes para cada festividade ou proxectos.

- Recomendacións lectoras para Nadal e o verán en coordinación cos outros centros da contorna: CEIP de OCA, CEIP de FIGUEIROA, CEIP CABADA VÁZQUEZ , CEIP PÉREZ VIONDI e o CEIP DO FOXO.
- Publicación do boletín Informativo da Biblioteca que recolle as actividades desenvolvidas no Centro.... Estes Boletíns serán entregados ás familias, despois de pasar o período de corentena, e as persoas implicadas en cada actividade, ou invitados ao noso Centro... no caso das recomendacións lectoras estes boletíns son repartidos polas librerías do Concello.
- Exposición en andeis especiais das novidades adquiridas.
- Continuar coas mochilas viaxeiras para Educación infantil.
- Continuar ofertando lecturas a través dos libros electrónicos.
- Establecer itinerarios lectores en función do proxecto lector, levando rexistro dos libros lidos a nivel de aula.
- Potenciar o uso dos distintos blog (Biblioteca, titorías, edlg,...) así como da páxina web; para dar a coñecer a toda a comunidade educativa os traballos do Centro.
- Favorecer a implicación das familias nas exposicións do Centro.
- Fomentar a participación das familias mediante prestamos para adultos
- Elaboración de dípticos desde o Departamento de Orientación sobre educación en valores, educación emocional, resolución de conflitos
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave:

*A LOE 2/2006, de 3 de maio no art. 113, refírese as Bibliotecas Escolares.Os centros de ensino disporán dunha biblioteca Escolar.As bibliotecas Escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda a información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos....*

Competencia en comunicación lingüística (CCL): ler, comprender, expresarse... A máis relacionada coa biblioteca xa que a lingua é a ferramenta da comprensión e expresión da realidade en todas as áreas.



Competencia de conciencia e expresións culturais: apreciar a importancia do patrimonio cultural e artístico. Xunto a actividade lectora deseñaranse actividades que desenvolvan a iniciativa, imaxinación e creatividade

Competencias sociais e cívicas (CSC): relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática nos diferentes traballos.

Competencia de aprender a aprender (CAA): desenvolver a capacidade para iniciar a aprendizaxe, organizar tarefas e tempos, traballar de maneira individual ou colaborativa,. Na biblioteca formar usuarios que saiban usar os recursos da Biblioteca autonomamente

Competencia dixital (CD): implica o uso seguro e crítico das Tic. Na Biblioteca priorizarase a formación documental en distintos formatos.

Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía (CMCT):Aplicar o coñecemento matemático para resolver situación da vida real

Competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE): desenvolver habilidades para converter as ideas en actos. O alumnado formará os seus propios valores a partires dos fondos diversos da Biblioteca en canto a temática, formato, idioma...

Educación para o desenvolvemento das competencias leva aparellado un forte compoñente procedemental e actitudinal que precisa o tratamento globalizado y/o interdisciplinar dos contidos curriculares. Isto só é posible nas escolas que entenden a Biblioteca Escolar como axente dinámico da aprendizaxe, un lugar para a información e co coñecemento.

### **c) En relación á formación de usuarios e educación para o acceso á información**

Programaranse actividades para coñecer o espazo físico da Biblioteca, así como para localizar un fondo determinado.

Como exemplo destas actividades deseñamos *“O xogo dos Pereiriños”- “As agachadas con Fuxú”*: un xogo de pistas no que participan todos os alumnos do Centro . Os alumnos deben superar unhas probas que se realizan en distintos lugares do Centro e teñen que buscar información para resolver preguntas, ben consultando fondos da Biblioteca ou o arquivo de Boletíns Informativos da Biblioteca, ou información que sae da Biblioteca pero está noutros lugares do Centro....Durante este curso trataremos de adaptar este xogo para que se poida realizar de forma virtual

Durante este curso e con motivo do Día Internacional da Biblioteca (o 22 de outubro) vaise presentar o libro “ Camiñando, camiñando...” de Xosé Luna Sanmartín para o que o alumnado preparará recitados, performances, escenificacións... dalgúns dos poemas desta álbum.

Elabóranse dípticos informativos para as familias e os alumnos maiores que facilitan o proceso para acceder aos fondos da Biblioteca Escolar.

Actividades de educación documental e dixital: dinamizaremos os usos dos distintos blogs que están na páxina web e que deben dar cumprida conta do desenvolvido no Centro polos distintos equipos docentes.

Aumentar fondos informativos, documentais, manuais, revistas, dicionarios actualizados, libros de consulta temáticos... segundo a temática do proxecto da biblioteca, e as distintas necesidades de documentación que poidan xurdir nos distintos cursos.

Participar en actividades de formación do profesorado, en cursos presenciais, xornadas, en rede...

#### **d) En canto ao fomento da lectura e desenvolvemento do proxecto lector**

Hora de ler: continúaase cun tempo diario de lectura de 20 minutos para todos os alumnos do Centro

Actividades de lectura compartida: de alumnos maiores aos pequenos, de adultos a pequenos, de pequenos a maiores, de ex - alumnos a alumnos....

Voluntariado de lectura: os alumnos de 5º e 6º adaptarán e prepararán lecturas dramatizadas para os máis pequenos a demanda das súas profesoras titoras

Servizo de préstamos, incluídas as vacacións

Plan de lecturas curriculares: dotación de libros e textos que complementan o currículo en cada titoría

Exposición de materiais da Biblioteca necesarios para desenvolver os proxectos nos que se está a traballar no Centro

Potenciaremos os usos dos e-books coa finalidade de que os alumnos se afagan a empregar outros soportes de lectura

Hora de titoría na biblioteca: emprégase para xestionar os empréstitos e para potenciar a competencia lectora

Traballos de investigación: achegas de materiais para a realización de traballos programados nas distintas áreas

Paneis conmemorativos: Atendendo as distintas actividades que se realicen no centro.

Palabras durmidas: empregarase a Biblioteca para facilitar información sobre palabras ou ditos en desuso en colaboración co Equipo de dinamización da lingua galega.

Celebracións: programaranse actividades e achegaranse materiais bibliográficos co gallo das distintas conmemoracións que se celebran no centro, así como dos traballos programados no desenvolvemento dos distintos Plans: exposicións, concursos, obradoiros,,,: Día das Bibliotecas escolares, día da Paz, día de Rosalía, Día do libro, día do medio ambiente

Encontros con autores: visitas de escritores, artistas, científicos... que pasan a formar parte dos recunchos da zona da Biblioteca dedicada aos persoeiros

Material de creación propia: Incorporación dos materiais xerados no Centro como consecuencia do desenvolvemento dalgunha actividade como pode ser exposicións fotográficas, achegas das familias que se producen no contexto das mochilas viaxeiras, resultado de enquisas realizadas as familias con temas relacionados coa Biblioteca...

Boletín Informativo da Biblioteca “O pereiriños” que recolle todas as actuacións que teñen lugar no Centro referidas a actividades complementarias

Realizaranse concursos na busca de información nestes Boletíns

Revista Escolar “As nosas cousas” realizada polo Equipo de Dinamización da Lingua galega. A biblioteca colaborará con achegas dos distintos cursos .

Semanas didácticas: Semana da prensa, semana do Libro, semana das letras Galegas, xornadas poéticas...

## **ITINERARIOS LECTORES**

### **Educación Infantil**

Educación Infantil os contos son lidos diariamente polas mestras no que chamamos a “ Hora de ler”, tempo exclusivamente adicado á lectura e que está establecido no horario das aulas. Os nenos/as tamén achegan libros dende as súas casas para contar na hora de ler. Algunhas das lecturas rematan coa escenificación do conto, levada a cabo polos propios nenos e nenas na aula.

A biblioteca do centro dispón de servizo de préstamo, polo que unha vez a semana os nenos e nenas de infantil levan un libro, elixido por eles, para que lle lean na casa. Nas aulas, tamén contamos cun recuncho da biblioteca onde os nenos e nenas van de maneira voluntaria a ver e “ler” contos.

### 1º curso

Non existe un lector homoxéneo. Non a todos nos gusta o mesmo tipo de libro, nin usamos os mesmos espazos ou os mesmos tempos para a lectura. É por iso que os itinerarios dos cursos primeiro e segundo se constrúen a partir de listas abertas na que os alumnos escollan as lecturas en función dos seus gustos e intereses, ben en soporte papel ben en soporte dixital, plástico... Así mesmo, na aula temos a Biblioteca de Aula que consta de 30 libros que o alumnado trae das súas casas. Estes libros cámbianse cada trimestre para que así ao longo do curso escolar os nenos e nenas poidan ler unha gran variedade de libros

MODALIDADE	MATERIAIS/RECURSOS	ESPAZOS
<p>TEXTOS OBRIGATORIOS.</p> <p>Lecturas guiadas onde todo o alumnado le o mesmo tipo de texto.</p> <p>Lectura en voz alta e lectura silenciosa.</p>	<p>1º Curso</p> <p>COMUNIDAD ZOOM (Matemáticas)</p> <p>COMUNIDADE ZOOM (Lingua galega)</p> <p>Vicens Vives</p> <p>MONUMENTAL (Ciencias Sociais). Tambre Edelvives.</p> <p>DEIXANDO PEGADA (Ciencias da Natureza). Tambre Edelvives.</p> <p>2º Curso</p> <p>PEZAS (Globalizado). Anaya.</p> <p>Proyecto ZOOM (matemáticas). Vicens Vives</p>	<p>AULA/FAMILIAS</p>
<p>LIBROS INFORMATIVOS SOBRE DISTINTAS MATERIAS</p>	<p>Segundo a temática de cada un dos proxectos. (Por exemplo: o proxecto do primeiro trimestre é sobre o corpo humano)</p>	<p>BIBLIOTECA / AULA/ FAMILIAS</p>
	<p><b>Amar a mar</b></p> <p>Autor: Xosé Luna Sanmartín</p> <p>Editorial: Edicións Bolanda</p>	

<p>LECTURAS DE GOCE PERSOAL POESÍA</p>	<p><b>Camiñado Camiñado</b> Autor: Xosé Luna Sanmantín Editorial: Bolanda</p> <p><b>Nube con forma de nube</b> Autora: Cecilia Pisos Editorial: Kalandraka</p> <p><b>POESÍA El primer libro de poemas escrito por ti</b> Autoras: M<sup>a</sup> Isabel Sánchez Vegara y Elisa Munsó Griful Editorial: La Galera</p> <p><b>Cuentos en versos para niños perversos</b> Autor: Roald Dahl Editorial: Alfaguara</p> <p><b>Versos fritos</b> Autora: Gloria Fuertes Editorial: Susaeta</p>	<p>AULA / FAMILIAS / BIBLIOTECA</p>
<p>LECTURAS DE GOCE PERSOAL NARRATIVA</p>	<p><b>Feliz feroz</b></p> <p><b>Alcaldesa vermella</b></p> <p><b>O lobo con botas</b> Autor: O Hematocrítico Editorial: Xerais</p> <p><b>Superavoa</b> Autor: David Rodríguez Editorial: Xerais (Merlín)</p> <p><b>Cando leo</b> Autora: Eva Mejuto Editoria: Xerais (pequeno Merlín)</p> <p><b>Do re mi fantasía</b> Autora: Concha Blanco</p>	<p>AULA / FAMILIAS / BIBLIOTECA</p>

	<p>Editorial: Bolanda</p> <p><b>Ricardo e o dinosaurio vermello</b></p> <p>Autores: Vicente Muñoz Puelles e Noemí Villamuza</p> <p>Editorial: Anaya</p> <p><b>O país da choiva</b></p> <p>Autor: Miguel A. Alonso Diz</p> <p>Editorial: Antela Editorial</p> <p><b>Xa non son Malo</b></p> <p>Autora: Paula Merlán</p> <p>Editorial: Antela Editorial</p>	
DRAMATURXIA	<p><b>A figueira de Pelostortos</b></p> <p>Autor: Ana G<sup>a</sup>. Castellanos &amp; Mikel Mardones.</p> <p>Editorial: OQO</p>	AULA / FAMILIAS / BIBLIOTECA
LECTURAS QUE FAN OS MESTRES/AS	<p><b>Contos ao teléfono</b></p> <p>Autor: Gianni Rodari</p>	AULA / FAMILIAS / BIBLIOTECA
LECTURAS ONLINE	<p><a href="http://www.cuentosinteractivos.org/">http://www.cuentosinteractivos.org/</a></p> <p><a href="http://www.waece.org/cuentos/">http://www.waece.org/cuentos/</a></p> <p><a href="http://orellapendella.gal/blog/">http://orellapendella.gal/blog/</a></p>	AULA / AULA DE INFORMÁTICA / FAMILIAS
LECTURAS DO NOSO COLE	PEREIRIÑOS	AULA / FAMILIAS / BIBLIOTECA
LEMOS O XORNAL		AULA / FAMILIAS / BIBLIOTECA

Así mesmo, distribuímos do seguinte xeito a HORA DE LER:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Lectura individual e silenciosa	Lectura por parellas (Eu che conto e ti me contas)	Representación de pequenos fragmentos de lectura	Lectura conxunta en voz alta	Lectura da mestra ou mestre

## 2º curso

- Durante este curso, en 2º os alumnos levarán un conto da biblioteca cada semana.

- As horas de ler están organizadas da seguinte maneira:

- Luns: lectura libre dun conto elixido por eles na biblioteca.
- Martes: lectura en parellas dun libro elixido entre todos.
- Mércores: lectura libre dun conto elixido por eles na biblioteca.
- Xoves: lectura en grupo dun libro elixido entre todos.
- Venres: lectura da mestra ou mestre dun conto relacionado co proxecto.

## 3º curso:

En 3º curso faranse as lecturas dos seguintes libros durante este curso escolar:

Lingua Galega:

1. “Casas” Paula Carballeira Ed.Tambre (Edelvives)
2. “Unha choiva de ra” Rafael Laso Lorenzo Edit. Tambre
3. “Meu avó o rei das pequenas cousas” João Manuel Ribeiro
4. “O pintor cego” Xabier Docampo / Xosé Cobas
5. “Kumamoto e os doce robóticos” Xoán Babarro Edit. Tambre
6. Gelsomino no país dos mentiráns GianniRodari / Pablo Otero

Lingua Castelá:

1. “Las olimpiadas de Rasi” Begoña Oro
2. “Monsterchef. Un monstruo de la cocina” Begoña Oro RBA
3. “Se vende papá” Care Santos Edit. Sm
4. “La verdadera historia de la mosca de la tele” María Solar
5. “Scooby- Doo Misterios a cuatro patas” Brambilla, Cristina
6. “Los misterios de Billie B.Brown “ Sally Rippin

Poesía

“Verdades”. Yolanda Castaño. Editorial “Biblos clube de lectores”

“Animalario”. Edurad Velasco. Edicións Xerais

“Caderno de fume”. Antonio García Teijeiro. Editorial Embora

#### 4º curso:

En 4º curso faranse as lecturas dos seguintes libros durante este curso escolar:

Lingua Galega:

1. “Casas” Paula Carballeira. Ed. Tambre (Edelvives)
2. “Vampira de biblioteca” Leticia Costas. Ed. Xerais
3. “As probas do mago”. Vanesa Santiago. Ed. Contos Estraños
4. “Kumamoto e os doce robóticos”. Xoán Babarro Edit. Tambre
5. Gelsomino no país dos mentirás Gianni Rodari / Pablo Otero Lingua Castelá:

1. “Las olimpiadas de Rasi” Begoña Oro
2. “Monsterchef. Un monstruo de la cocina” Begoña Oro RBA
3. “El club de los raros”. Jordi Sierra I Fabra. Ed. SM
4. “La verdadera historia de la mosca de la tele” María Solar
5. “Scooby- Doo. Misterios a cuatro patas” Brambilla, Cristina
6. “Los misterios de Billie B. Brown “ Sally Rippin

Poesía

1. Nobelo de luz. Charo Golmar. Edit. Fervenza editorial
2. Caderno de fume. Antonio García Teijeiro. Edit. Embora edicións

#### Itinerarios lectores de 5º e 6º cursos

Nos cursos 5º e 6º faranse as lecturas dos seguintes libros durante este curso:

Lingua Galega:

- Escarlatina, a cociñeira defunta, de Leticia Costa
- Os nosos versos, de Antonio G. Teijeiro
- Contos por palabras, de Agustín Fernández Paz
- Historia da bicicleta dun home lagarto, de Fina Casalderrey
- O ano das mimosas, de Xosé Luna Sanmartín

Lingua Castelá:

- Un hotel en la bahía, de Ana Alonso
- Cuentos para jugar, de Gianni Rodari
- El Club de los Bichos, de Laida Martínez Navarro
- Fábulas, de Esopo



**Itinerario lector para o proxecto de centro “Sobrevoando a Estrada”**

<b><u>TÍTULO</u></b>	<b><u>EDITORIAL</u></b>
A Estrada. Miscelánea histórica e cultural	Museo estradense “Manuel Reimóndez Portela
A Estrada nas catro estacións	Concello da Estrada
A Estrada descoñecida. As pedras	Caderno fotocopiado coa intervención do profesorado do CEIP do Foxo
A Estrada. Xente e paisaxe	Edicións Fervenza
A Estrada románica	Edicións Fervenza
A Estrada	Deputación de Pontevedra
A Estrada en el camino de Santiago	Concello da Estrada
A Estrada. Imaxes para a lembranza	Edicións Fervenza
Castros da comarca da Estrada	Contrarretranca
Unha viaxe pola arte sacra das parroquias da Estrada	Xunta de Galicia
Os nomes da Estrada	Edicións Fervenza
Roteiro Castelao na Estrada	Concello da Estrada
Un país chamado la Estrada	J&C Productores (Venezuela)
Cruceiros da Estrada	Deputación de Pontevedra
Ramiro Ciorraga Soto	Concello da Estrada
Callejero histórico de la villa de La Estrada	Xunta de Galicia
Itinerario Naturais	Vía Láctea materiais
Concello da Estrada. Tradición	Concellos Galegos, S.L.

en clave de futuro	
O alto dos Xenerais	Xunta de Galicia
Berres. Escolma fotográfica	Comisión de Festas de Berres

### Itinerario lector para o proxecto de Educación Responsable

TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
Los versos del libro tonto	Beatriz Giménez de Ory	Kalandraka
El vicario que hablaba al revés	Roalh Dahk	SM
Por caminos azules...	Jaime Garcí Padrino	Anaya
Nana en el tejado	Paco Gómez	Anaya
Esto que ves es el mar	Gabriel Janer Marina	La Galera
El bandido salto de mata	Otfried Preubler	Maeva
Historias de ratones	Arnold Lobel	Kalandraka
No te vayas	Gabriela Keselman	Kókinos
¿Cómo te sientes?	Anthony Browne	Kalandrka
Adfivina cuanto te quiero	San McBratney	Kókinos
Nadarín	Leo Lionni	Tras os montes
A que sabe a lúa?	Michael Grejniec	Kalandrka
Versos de cuento	Carmen Gil	Sm
O homiño vestido de gris	Fernando Alonso	Kalandraka
Aventuras de "La mano negra"	Hans Jürgen Press	Cometa
Vacío	Anna Llenas	Barbara Fiori
Ponte en mi lugar	Susanna Iser	NubeOcho

--	--	--

### Itinerario lector para as familias

TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
Quen me quere adoptar?	Fina Casaderrey	Xerais
Adiviñas	Palmira Boullosa	Galaxia
Adiviñas para xogar	Noemi López Vázquez	Ir Indo
Árbores. As 50 máis comúns	Henrique Niño Ricoi	Baía Edicións
Aves. As 50 máis comúns	VV.AA.	Baía Edicións
Azul e rosa	Ana Pillado Vega	A Nosa Terra
Canto te quero, profe	Paloma Rodríguez	Edicións Embora
Carlota e o príncipe azul	Ana Pillado Vega	A Nosa Terra
Cogomelos. Os 50 máis comúns	Alfredo Justo Fernández...	Baía Edicións
Cosas que me gustan	Anthony Brownw	Fondo de Cultura Económica
Dentro de mi	Mónica Gutiérrez Serna	Thuel Ediciones
É hora de durmires, meu amor	Nancy Tilman	Ediciones Linteo
El arte de contar cuentos a los niños	Rebeca T. Isbell	Ediciones Oniro
El cerebro infantil: la gran oportunidad	José Antonio Marina	Ariel
El no también ayuda a crecer	María Jesús Álava Reyes	La esfera de los libros

En familia	Alexandra Maxeiner	Hércules ediciones
Escuela de padres. Guía práctica para evitar problemas de conducta y mejorar el desarrollo infantil	Javier Pérez- Pareja	Pirámide
Escuela de padres. La alimentación infantil y sus dificultades	Jesús Jarque García	Gesformedia
Escuela de padres. Rabietas, pataletas y malos modales	Jesús Jarque García	Gesformedia
Escuela de padres. Técnicas básicas para educar	Jesús Jarque García	Gesformedia
Eu son eu	Fina Casalderrey	Xerais
Festas gastronómicas de Galicia	Mariano García	Xerais
La autoestima	Luis Rojas Marcos	Espasa Libros
La magia de leer	María de la Valgoma	De Bolsillo
María Fumaça	VV.AA	Galaxia
Mi hermano	Anthony Browne	Fondo de Cultura Económica
Mi mama	Anthony Browne	Fondo de Cultura Económica
Papás del mundo	VV:AA	La Galera
Pastas e pizzas	VV.AA.	Ouvirmos
Pequeñas historias para hacerse mayor	Sophie Carquain	EDAF
Roi quiere ser mamá	Ana Pillado Vega	A Nosa Terra
Rosalía de Castro para menos	Rosalía de Castro	Ediciones de la Torre
Sacapenas	Anthony Browne	Kalandraka

Teño dúas caras	Cristina Justo, Paloma Rodríguez	Edicións Embora
Ti tamén, Inés!	Teresa Sabaté i Rodié	Baía Edicións
Una mochila para el universo. 21 rutas para vivir con nuestras emociones	Elsa Punset	Destino
Unha chea de familias	Rodrigo Chao Blanco	Galaxia
Viaje al optimismo. Las claves del futuro	Eduardo Punset	Booket
PELÍCULAS		
Azur & Azmar	Michel Ocelot	
Billy Elliot ( Quiero bailar)	Stephen Daldry	
Charlie y la fábrica de chocolate	Tim Burton	
El chico	Charles Chaplín	
Kirikú y las bestias salvajes	Michel Ocelot	

#### MEDIDAS A DESENVOLVER A PARTIR DO ESTABLECIDO NO PLAN LECTOR.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Proxecto de Centro “Sobrevoando a Estrada”	Todo o curso	Todos	Titores
Xogo dos Pereiriños: Ás agachadas con Fuxú. Programa de Formación de usuarios	2º trimestre	Todos	Todo o Claustro
Hora de ler	Todo o curso	Todos	Todo o claustro

	curso		
Recomendacións lectoras	Todo o curso	Todos	Titores
Lectura de prensa escolar	2º e 3º trimestre	4º, 5º e 6º cursos	Titores
Día das Bibliotecas Escolares	Outubro	Todos	Equipo da biblioteca
Día de Neira Vilas	Novembro	Todos	Titores
Festa da poesía	Decembro	Todos	Todo o claustro
Homenaxe a Olimpio Arca	Novembro	5º e 6º	Equipo docente destes niveis
Día do libro. "As agachadas con Fuxú"	Abril	Todos	Equipo da biblioteca
Semana das Letras galegas	3º trimestre	Todos	Equipo DLG
Voluntariado de lectura	2º trimestre	5º e 6º	Equipo de Biblioteca, titores e profesor de Expresión Oral
Escoito aos maiores... aprendo a pensar	Todo o curso	Todos	Equipo da Biblioteca
Maletas viaxeiras	Todo o curso	Todos	Equipo da biblioteca
Mochilas viaxeiras	Todo o curso	Ed. Infantil	Titoras
Biblioteca creativa	Todo o curso	Todos	Equipo Tic e Equipo da Biblioteca
O escritor na súa obra	3º Trimestre	5º e 6º	Equipo Tic, equipo de Biblioteca
Adaptación e dramatización de lecturas	1º Trimestre	5º e 6º	Equipo Biblioteca e DLG

## LER EN FAMILIA

**Mochilas viaxeiras:** Esta actividade organizada dende a Biblioteca Escolar pretende implicar ás familias e así proporcionar un motivo entre os distintos membros desta, tomando como eixe o mundo dos libros e da lectura

**Maletas viaxeiras:** Préstamo de maletas sobre diferentes temáticas que poden solicitar as familias

**Guía de fondos bibliográficos de adultos:** Proporcionar información ás familias sobre libros de literatura para adultos e seleccionar unha serie de materiais que poidan interesar ás familias.

**Lecturas compartidas:** Diseñar actividades de lectura compartida con motivo de distintas conmemoracións: Día de Xosé Neira Vilas, Día de Rosalía, Día do Libro....

**Obradoiros para familias:** ler un álbum, contar un conto, traballos de investigación na casa, como ler e investigar en internet...

**Animación á lectura:** Empregar recursos culturais e educativos que sirvan para apoia e os vínculos familia-escola e lectura. Programar visitas de escritores que teñan relación co Colexio.

**Faladoiros con familias:** Temas propostos aproveitando recursos familiares: a linguaxe de signos, coñecemento do corpo humano, igualdade e reciclaxe .... Tamén coa colaboración da ANPA.

O Decálogo para xustificar a lectura en familia que figura na nosa Biblioteca é o seguinte

1.- Dar exemplo. As persoas adultas somos un modelo de lectura para os máis pequenos.

Leamos diante deles, e gocemos lendo.

2. escoitar. Nas preguntas dos nenos e nenas está o camiño para seguir aprendendo.

Debemos estar pendentes das súas dúbidas.

3. Compartir. O pracer da lectura contaxiase lendo xuntos. Leamos contos, contemos contos xuntos.

4. Propoñer, non impoñer. É mellor suxerir que impoñer. Evitemos tratar a lectura como una obriga.
5. Acompañar. O apoio da familia es necesario en todas as idades. Non os deixemos sós cando aparentemente saben ler.
6. Ser constantes. Tódolos días hai que reservar un tempo para ler. Busquemos momentos relaxados, con boa disposición para a lectura.
7. Respetar. Os lectores teñen dereito a elixir. Esteamos pendentes dos seus gustos e de como evolucionan.
8. Pedir consello. A escola, as bibliotecas, as librerías, podenvos aconsellar. Fagámoslles una visita.
9. Estimular, alentar. Calquera situación pode proporcionarnos motivos para chegar aos libros. Deixemos sempre libros apetecibles ao alcance dos cativos e cativas..
10. Organizarse. A desorganización pode non ir ben coa lectura. Axudémoslles a organizarse: o seu tempo, a súa biblioteca...

Se ti les, el/ela tamén

### **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Este plan avaliarase trimestralmente en cada un dos niveis e nos distintos equipos, analizando a súa posta en práctica, a consecución do obxectivos e propoñendo melloras para o seguinte trimestre.

Avaliarase tamén o grado de satisfacción do profesorado implicado na actividade HORA DE LER e no progreso do alumnado.

Co fin de valorar o grado de consecución de obxectivos avaliarase o nivel de adecuación das actividades, os progresos no hábito lector, o funcionamento das bibliotecas de aula e do centro valorando tamén o nivel de autonomía do alumnado nelas e os problemas xurdidos. Para a avaliación final realizarase unha análise das actividades observando o éxito acadado e a súas dificultades e valorando o interese do alumnado por cada unha delas.( A través dunha enquisa para o profesorado e outra para o alumnado)



A opinión e colaboración de toda a comunidade educativa será fundamental para o bo funcionamento, mellora e continuidade de todas as actividades que se realicen. Este Plan está suxeito a posibles cambios na organización dos espazos etemplos, segundo as necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.

## 22. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL CONSTITUCIÓN DO EQUIPO.

### 23. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Horas/ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		
9.20/ 10.15		María Limeres		Lorena Casal	9.20/ 10.10	4º EI	
10.15 / 11.10	Patricia Tarrío	6º EI	Lorena Casal		10.10/ 11.00	Lorena Casal	
11.10 / 12.05	Lorena Casal	Xosé Luna			11.00/ 11.50	5º EI	
12.05/ 12.30	RECREO				11.50/ 12.15	RECREO	
12.30 / 13.40	Begoña López	Begoña López	5º EP	3º EP	12.15/ 13.00		
					13.00/ 13.40		
15.35 / 16.25	2º EP		6º EP				
16.25 / 17.15	1ºEP		4º EP				

## **PROXECTO PLAN MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES 2022/2023**

### **1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN**

#### **A) ORGANIZACIÓN**

A nosa biblioteca ten TRES espazos ben definidos:

ESPAZO 1.- Material bibliográfico de EI e 1º ciclo. Espazo creativo: material informático, material de construción, xogos de mesa, material de costura. Recanto de lectura.

ESPAZO 2.- Material bibliográfico de 3º, 4º, 5º e 6º cursos de Primaria, libros de poesía, libros de arte, libros de consulta, fondos bibliográficos de lecer, biblioteca de adultos, zona de novidades. Zona de traballo documental, revistas e xornais. Material de elaboración propia

ESPAZO 3.- Zona de autores :Material bibliográfico de escritores, de artistas plásticos que participan nos encontros con autores.. Nestes mobles están colocados libros asinados, carteis, escritos, obxectos de tipo persoal, doazóns. Material de elaboración propia correspondente a estes persoeiros..Reproducións de murais de artistas da zona,postos informáticos, cómics.

A catalogación e préstamo faise a través do programa KOHA.

#### **B) XESTIÓN**

1.- O Equipo de apoio valora as necesidades por prioridades elaborando un presuposto económico. Cada ciclo dá prioridade a aqueles títulos que máis lle interesan segundo a temática ou o proxecto de Centro. A Comisión Económica dá o seu visto bo ao gasto presupostado.

2.- Unha vez realizada a compra, faise un inventario na Secretaría.

3.-Unha vez que os libros son rexistrados na Secretaría, pasan a BE para o seu posterior rexistro, catalogación e colocación; agora farase usando o programa KOHA.

4.- Periodicamente son revisados os exemplares deteriorados ou extraviados. Tamén se realizan expurgos: poñendo a disposición dos alumnos os libros rexeitados, liberando outros para que se continúe coa manipulación dos mesmos por medio do Book Art.

5.- Os titores xestionan os préstamos a través do programa KOHA e o equipo da BE asesóraos en todas as dificultades que xorden.

6.- Realízanse campañas de captación de socios, ofrecendo servizos ao resto da comunidade educativa .

7.- Trátase de crear ambientes de lectura máis atraentes e acolledores .

8.- Difúndense as actividades a través de carteis informativos sobre as actividades programadas

9.- Exposición de traballos realizados.

10.- Publicación do Boletín Informativo da Biblioteca “O Pereiriños” ( dende o ano 2004)

En canto aos HORARIOS:

- Establécese un horario de uso da biblioteca para cada titoría ( unha hora semanal fixa) quedando as demais para usar a libre disposición.
- Nos recreos haberá un mestre do equipo de Biblioteca que estará axudada polos alumnos de 5º e 6º curso que participan no programa de voluntariado

## **2.- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS**

Os recursos da Biblioteca permitirán poñer en práctica habilidades para procesar a información e conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer previamente establecidos, así como desenvolver a competencia en comunicación lingüística.

-A partir das actividades presentadas, tentaremos avanzar na autonomía, eficacia, responsabilidade, crítica e reflexión ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes; desenvolvendo a competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

-Ponse a disposición do alumnado todo o necesario para acadar unha aprendizaxe significativa, respectar as normas de conduta acordadas socialmente e regular o uso da información; desenvolvendo a competencia social e cívica.

-As actividades propostas fomentarán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación extraendo o seu máximo rendemento e, deste xeito, a súa autonomía persoal.

- Na páxina web do Centro, dáse visibilidade visualizar aos traballos e actividades realizadas, así como distintas recomendacións.

-As novidades publícanse no Boletín Informativo da Biblioteca “O Pereiriños”. Son expostas no andel específico e comunícanse previamente ao resto da comunidade educativa a través de plataformas de mensaxería ou mediante enderezo electrónico ou circular,

desenvolvendo deste xeito a competencia dixital. (Este boletín tamén se colga na páxina web)

- Os materiais producidos están expostos en atrís específicos.
- Asemade haberá un expositor para amosar os libros recomendados polo alumnado.
- Promoción da biblioteca a través do deseño de actividades que implican a colaboración dos distintos Equipos Docentes: Equipo de dinamización da Lingua Galega, equipo TIC e Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Posta en marcha do espazo creativo con recantos nos que hai xogos de construción, xogos de mesa, material relacionado coas novas tecnoloxías, material de plástica e material de costura.

### **3.- FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN**

Os titores/as fan os préstamos en soporte informático. Cada alumno/a dispón dun carné cun número de socio que lle permite o acceso ao préstamo. O titor, no seu horario de biblioteca, xestiona este proceso. Cada pai/nai, que sexa socio da BE, tamén dispón dun carné que lle permite o acceso ao préstamo. Cada aula tamén dispón dun carné que lle permite realizar empréstimos para a súa Biblioteca de aula.

A información sobre as actividades, novidades e recomendacións chega ao alumnado e ás familias a través do Boletín Informativo “O Pereiriños” e dos expositores sinalados a tal efecto. Na pantalla TFT visualizan exposicións e os próximos eventos. Esta información pasa á páxina web.

Insistiremos na utilización dos marcadores personalizados. O alumno coloca o marcador no lugar onde colle o libro e, cando ten que devolvelo, sitúao con máis precisión. Insistiremos na correcta colocación dos exemplares, neste proceso tamén intervirán os alumnos de 5º e 6º cursos a través do programa **de voluntariado de lectura**

Programaranse ao longo do curso diferentes actividades para continuar coa familiarización ao alumnado cos fondos bibliográficos e coa formación de usuarios que introduciremos a través de xogos de pistas, a nivel individual ou colectivo. Aproveitando a celebración das distintas conmemoracións e para reforzar a formación de usuarios deseñaranse distintas actividades.

Editarase a principios de curso unha guía de formación de usuarios.

Á vista das necesidades que se derivan da nova situación producida polo COVID a Biblioteca proporcionará recursos que impliquen novas opcións para o alumnado a través do deseño de actividades on-line, convenientemente dosificadas.

Continuar co uso das ferramentas dixitais consensuadas entre todo o profesorado e familias e implementadas e utilizadas durante o estado de alarma: correo electrónico de gmail creado para os ciclos, compartir carpetas en googledrive, uso da aula virtual, realización de video conferencias, ... como medios facilitadores de lectura e acceso á información.

Seguimos a traballar no espazo web dirixido a alumnos, docentes e familias, para facilitar información sobre actividades desenvolvidas pola Biblioteca Escolar e ao mesmo tempo facilitar a participación conxunta de todos os niveis nas mesmas . O realmente importante é dotar este espazo de contido e participación. Os recursos máis destacables serán os libros dixitais, o uso dos escornabots, a impresora 3D, as novidades da BE, as actividades desenvolvidas, as conmemoracións, os novos proxectos de Centro.....

#### **4.- FOMENTO DA LECTURA E ESCRITURA. PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

- Reunión de todos os equipos de centro conxuntamente para achegar e decidir propostas. Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo Tic, Equipo de Actividades complementarias e Extraescolares.
- Programación de cada actividade incluíndo a adaptación por niveis: visitas de autores, participación en concursos de escrita
- Posta en común cos titores facilitando todo aquilo que demanden: actualización da biblioteca de aula, fomentando e planificando estratexias colectivas para o desenvolvemento das competencias clave, achegando materiais para traballar distintos proxectos
- Selección de materiais e busca dos mesmos a través da rede.
- Exposición visible dos materiais.
- En referencia ao proxecto lector, o Equipo da Biblioteca:

Colabora cos Mestres á hora de proporcionarlles material diverso relacionado co fomento da lectura e coa comprensión lectora.

Planifica actividades para conseguir este propósito: encuentros con autores, encuentros con artistas, lecturas compartidas, teatro, exposicións orais, obradoiros de escrita, xogos de pistas....

Traballa na formación de usuarios da BE para que o alumnado sexa autónomo á hora de buscar información.

Traballa para deseñar actividades que impliquen o tratamento e produción de información en diferentes soporte e formatos, fomentando o espírito crítico do alumnado

Colabora na adquisición de fondos bibliográficos relacionados co Proxecto Anual de Centro

Colabora na adquisición de material didáctico relacionado co tema do Plan Permanente de Formación do Profesorado. Dende o presente curso o Centro forma parte da Rede de Centros de Educación Responsable.

**Colabora no achegamento de recursos adecuados como materiais con licenzas abertas , respecto ás autorías, calidade dos contidos....**

Potencia a participación en concursos literarios para favorecer a expresión oral e escrita

## **5.- BIBLIOTECA INCLUSIVA**

- Potenciarase a participación das familias:
  - Ofertando a posibilidade de ser usuarios da biblioteca Escolar, facéndose socios da Biblioteca
  - Facilitando guías de uso da Biblioteca Escolar
  - Mantendo aberta a Biblioteca no tempo de recreo do comedor
  - Traslado información ás familias a través do boletín Informativo da biblioteca: O Pereiriños
  - Ofertando charlas desde o Departamento de Orientación sobre lecturas adaptadas.
  - Elaboración de boletíns informativos sobre educación en valores, educación emocional, resolución de conflitos, educación en igualdade.
  - Programando actividades nas que sexa imprescindible a colaboración das familias como lecturas colectivas, charlas, tertulias, exposicións...

- **Programando charlas ou obradoiros sobre alfabetización mediática e informacional. Talleres prácticos sobre cómo detectar *fakenews* y una campaña de sensibilización**
- Deseño de actividades en distintos formatos para compensar desigualdades:
  - Actividades sobre Educación emocional e educación na diversidade
  - Adaptacións de lecturas e posible representación con temas sobre educación en igualdade
  - Xogos para estimular destrezas comunicativas
  - Material bibliográfico con estímulos visuais facilitadores
  - **Deseñar materiais didácticos para traballar o uso do móbil, a identidade dixital, las fakenews ou a publicidade e os valores que transmiten os influencers ou youtubers**
  - **Deseñar actividades que impliquen que o alumnado asuma máis responsabilidade para aprender a aprender e que desenvolvan a súa autonomía persoal**

## 6.- OUTRAS ACTUACIÓNS

- ✓ No vindeiro curso o Claustro escollerá un tema sobre o que se traballará a nivel de Centro, será o proxecto de Centro
- ✓ No vindeiro curso o Centro segue a estar incluído na Rede de Centros de Educación Responsable
- ✓ A biblioteca tratará de implicar ás familias, institucións, medios de comunicación, organismos oficiais e centros de ensino.
- ✓ Participación en actividades culturais como: Día da Poesía, Día do libro, Día de Rosalía, Mes das Letras Galegas, Semana da prensa...
- ✓ Fomentar a participación en actividades relacionada co medio ambiente: charlas de reciclaxe, prevención de incendios, cursos de poda...
- ✓ Colaboración cos Centros de Primaria do Concello que participan no PLAMBE para a elaboración de recomendacións lectoras conxuntas para o Nadal e para o verán.

- ✓ Participación con todos os Centros do Plambe do Concello no deseño de actividades conxuntas “Biblios da Estrada”
- ✓ Continuaremos no vindeiro curso co proxecto de “Biblioteca creativa”

## 7.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Farase unha avaliación final a través de enquisas dirixidas a todos os sectores da comunidade educativa. A partir deses resultados elaboraranse propostas de mellora.

Actividades realizadas	Hora de ler	Funcionamento da BE
Nivel de participación	Nivel de participación	Volumen de libros prestados.
Volumen de materiais utilizados	Volumen de materiais utilizados.	Índice de participación.
Opinión do Claustro.	Opinión do Claustro.	Implicación do Claustro.
Lectura: “20 minutos ao día”

Xornadas de poesía. X Xornadas poéticas do CEIP do Foxo “Facendo torres no ar”

Recordando aos nosos persoeiros

VIII xornada de convivencia cos maiores da Residencia de vila de Cruces

Actividades en colaboración con todos os centros educativos do Concello da

Estrada(Dinamizaestrada):

Micropoemas e microrrelatos

Proxecto festa das palabras (VIII edición)

Proxecto videoconectados

Árbores con nome propio

RoteiroFotográfico

Revista Escolar

CAMBIOS CON RESPECTO Á PROGRAMACIÓN.

Coidamos o medio ambiente

Día da muller traballadora

Xornada de xogos tradicionais

Nomes das aulas

Presentación do libro “O nome das aulas”

A don Xosé Neira Vilas in memoriam

Creación de booktrailers

PROPOSTAS DE MELLORA PARA ESTE CURSO:

Traballar as emocións coas nosas Palabras

Seguir coa actividade “Escoito aos maiores... aprendo a pensar”

Completar na páxina web o apartado *en galego*



Incorporar á lingua habitual palabras relacionadas coa etapa que estamos a vivir

## 27.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.

<p>1. Establecer fórmulas de interacción e colaboración con empresas locais, institucións, e distintas organizacións para favorecer o emprego da lingua galega e para mellorar a súa valoración social.</p>	<p>(CCL) (CSC) (CCEC) (CD)</p>
<p>2. Incidir mediante a información e a explicación argumentada e científica na comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización.</p>	<p>(CCL) (CSC) (CCEC)</p>
<p>3. Xerar dinámicas de traballo que supoñan unha relación entre os distintos membros da comunidade educativa.</p>	<p>(CCL) (CSC) (CCEC) (CD)</p>

### A SITUACIÓN DO PROFESORADO.

<p>1. Asegurar unha formación (sociolingüística e psicopedagóxica) dos docentes que lles permita interpretar a realidade lingüística de Galicia e participar con criterio e eficacia en tarefas de planificación e dinamización lingüística no ámbito escolar.</p>	<p>(CCL). (CAA)</p>
<p>2. Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.</p>	<p>(CCL) (CAA) (CMCT) (CSIEE) (CD)</p>
<p>3. Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas na</p>	<p>(CCL) (CAA)</p>

dignificación e normalización da lingua galega.	(CSIEE)
4. Adquirir material de gramática, e outro material de apoio para a realización de actividades e para mellorar as destrezas lingüísticas do profesorado e que este maior dominio repercuta de forma efectiva no uso habitual da lingua.	(CCL) (CAA) (CMCT) (CSIEE)
5. Colaborar co profesorado ofrecendo formación e axuda sobre os recursos tanto bibliográficos como tecnolóxicos existentes que poidan axudar na súa práctica docente.	(CD)

A SITUACIÓN DO ALUMNADO.

1. Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.	(CCL) (CAA) (CMCT) (CSIEE) (CD)
2. Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos, que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.	(CCL) (CD)
3. Promover a interacción e colaboración entre a escola e o contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego.	(CCL) (CSC)
4. Artellar actividades para favorecer a expresión oral.	(CCL) (CSC)
5. Coñecer, valorar e divulgar diferentes aspectos do noso patrimonio cultural.	(CSC) (CAA)
6. Fomentar os valores funcionais, identitarios e diferenciais do idioma recuperando tradicións, costumes e palabras noutrora usuais.	(CSC) (CAA)

**A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.**

<p>1. Manter o uso da lingua galega como lingua oficial do centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos: no uso interno na vida administrativa e no uso externo nas relacións coa comunidade.</p>	<p>(CCL) (CAA) (CMCT) (CSIEE) (CD)</p>
<p>2. Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Manter páxina web</li> <li>➤ Traballar coa aula virtual</li> <li>➤ Comunicación co alumnado e familias coa plataforma webex, correo electrónico...</li> <li>➤ Crear de vídeo contos</li> <li>➤ Creación de Padlets</li> </ul>	<p>(CCL) (CD) (CSIEE)</p>
<p>3. Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.</p>	<p>(CCL) (CD) (CSIEE) (CAA)</p>

VER ANEXO DE ACTIVIDADES AO FINAL DO DOCUMENTO

**27.5. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓ N DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓ N SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓ N**

O Proxecto Lingüístico do CEIP do foxo, foi aprobado polo claustro e polo consello Escolar os días 13 e 15 do mes de abril de 2015.

Modifícase o punto 7.3., “DISTRIBUCIÓ N HORARIA” quedando como se especifica nos seguintes cadros

**- DISTRIBUCIÓ N HORARIA**

<i>1º CURSO DE EDUCACIÓ N PRIMARIA</i>			
<i>Nº HORAS IMPARTIDAS</i>			
<i>ÁREAS</i>	<i>LINGUA CASTELÁ</i>	<i>LINGUA GALEGA</i>	<i>LINGUA INGLESA</i>

<i>Ciencias da Natureza</i>		3	
<i>Ciencias Sociais</i>		2	
<i>Proxecto competencial</i>	1*		
<i>Música e Danza</i>	1		
<i>Educación Plástica e Visual</i>			1
<i>Educación Física</i>		2	
<i>Lingua Castelá e Literatura</i>	4		
<i>Lingua Galega e Literatura</i>		4	
<i>Matemáticas</i>	5		
<i>Lingua estranxeira – Inglés</i>			2
<i>Relixión católica</i>	1*		
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>3</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>44%</b>	<b>44%</b>	<b>12%</b>

<i>2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</i>			
<i>Nº HORAS IMPARTIDAS</i>			
<i>ÁREAS</i>	<i>LINGUA CASTELÁ</i>	<i>LINGUA GALEGA</i>	<i>LINGUA INGLESA</i>
<i>Ciencias da Natureza</i>		2	
<i>Ciencias sociais</i>		2	
<i>Valores sociais e cívicos</i>	2*		
<i>E. A. – Música</i>		1	
<i>E.A. – Plástica</i>			1
<i>Educación Física</i>		2	
<i>Lingua Castelá e Literatura</i>	4		
<i>Lingua Galega e Literatura</i>		4	
<i>Matemáticas</i>	5		
<i>Lingua estranxeira – Inglés</i>			2
<i>Relixión católica</i>	2*		
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>3</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>44%</b>	<b>44%</b>	<b>12%</b>

3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
Nº HORAS IMPARTIDAS			
ÁREAS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA
<i>Ciencias da Natureza</i>		3	
<i>Ciencias Sociais</i>		2	
<i>Proxecto competencial</i>	1*		
<i>Música e Danza</i>		1	
<i>Educación Plástica e Visual</i>		1	
<i>Educación Física</i>	2		
<i>Lingua Castelá e Literatura</i>	4		
<i>Lingua Galega e Literatura</i>		4	
<i>Matemáticas</i>	4		
<i>Lingua estranxeira – Inglés</i>			3
<i>Relixión católica</i>	1*		
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>3</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>44%</b>	<b>44%</b>	<b>12%</b>

4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
Nº HORAS IMPARTIDAS			
ÁREAS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA
<i>Ciencias da Natureza</i>		2	
<i>Ciencias sociais</i>		2	
<i>Valores sociais e cívicos</i>	1*		
<i>E. A. – Música</i>		1	
<i>E.A. – Plástica</i>	1		
<i>Educación Física</i>		2	
<i>Lingua Castelá e Literatura</i>	4		
<i>Lingua Galega e Literatura</i>		4	

<i>Matemáticas</i>	4		
<i>Lingua estranxeira – Inglés</i>			3
<i>Relixión católica</i>	1*		
<i>Expresión oral</i>	1		
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>3</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>44%</b>	<b>44 %</b>	<b>12%</b>

5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
Nº HORAS IMPARTIDAS			
ÁREAS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA
<i>Ciencias da Natureza</i>		3	
<i>Ciencias Sociais</i>		2	
<i>Proxecto competencial</i>	1*		
<i>Música e Danza</i>	1		
<i>Educación Plástica e Visual</i>	1		
<i>Educación Física</i>		2	
<i>Lingua Castelá e Literatura</i>	4		
<i>Lingua Galega e Literatura</i>		4	
<i>Matemáticas</i>	4		
<i>Lingua estranxeira – Inglés</i>			3
<i>Relixión católica</i>	1*		
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>3</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>44%</b>	<b>44%</b>	<b>12%</b>

6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
Nº HORAS IMPARTIDAS			
ÁREAS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA
<i>Ciencias da Natureza</i>		2	

<i>Ciencias sociais</i>		3	
<i>Valores sociais e cívicos</i>	1*		
<i>E. A. – Música</i>		1	
<i>E.A. – Plástica</i>	1		
<i>Educación Física</i>		2	
<i>Lingua Castelá e Literatura</i>	3		
<i>Lingua Galega e Literatura</i>		3	
<i>Matemáticas</i>	5		
<i>Lingua estranxeira – Inglés</i>			3
<i>Relixión católica</i>	1*		
<i>Expresión oral</i>	1		
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>3</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>44%</b>	<b>44%</b>	<b>12%</b>

Para garantir a adquisición de competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia, así como a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira (sección bilingüe), realízase a distribución horaria reflectida no cadro anterior.

Na etapa de Educación Infantil o profesorado utilizará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado. A lingua materna predominante do alumnado deste Centro, de acordo co resultado dun cuestionario efectuado aos pais, nais, titores ou representantes legais do alumno/a, antes de comezar o curso, é a LENGUA GALEGA.

#### MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑEN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

Para fomentar o dominio das dúas linguas oficiais no alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou doutros países con nulo ou insuficiente coñecemento da Lingua Galega, o Departamento de Orientación en colaboración co EDLG tomará as seguintes medidas de apoio e reforzo:

- Entregará ou adaptará material axeitado á situación sociolingüística e escolar do alumno.
- Entrega de bibliografía complementaria segundo a idade e curso, para favorecerlle o acceso aos contidos establecidos na programación.

- O profesorado prestará especial atención ás dúbidas de comprensión idiomática que presente o alumnado, tanto no referido ás explicacións do persoal docente como as que resulten da lectura e realización de exercicios ou actividades.
- Promoveranse accións para dar a coñecer a eses alumnos os usos e costumes de Galicia.
- Na medida que permita a dispoñibilidade do profesorado, procurárase horario de apoio para que os alumnos que cheguen de fóra de Galicia teñan una mellor integración. Sempre que sexa posible estes apoios faranse dentro da aula.
- O centro promoverá a creación dun voluntariado formado por alumnos/as cara a recepción de nenos e nenas que se incorporen ao colexio desde lugares lonxanos a Galicia.
- Evitarase a transmisión de prexuízos cara calquera das dúas linguas oficiais da comunidade.
- Aplicarase o recollido n Plan de Acollida do Centro.
- Crearase un grupo de adquisición de linguas co alumnado que non coñeza ningunha das linguas oficiais e buscaremos a comunicación doutro xeito, dirixíndonos a eles con mensaxes claras e contextuais, axudándonos de gráficos, imaxes ou algún xesto:
  - Debemos darlle un bo modelo lingüístico.
  - Evitaremos que estea incomunicado moito tempo.
  - Non daremos por boas as frases incorrectas
  - Colaboraremos todos no tema da pronuncia.
  - Procuraremos que o novo alumno/a se esforce na comprensión.
- O/A titor/a ambientará a aula de forma que facilite a aprendizaxe: murais, imaxes...
- Comunicaralle aos pais/nais as medidas que se estableceron para o seu fillo/a
- Programará actividades encamiñadas ao coñecemento e enriquecemento común de ambas culturas.

## 28. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL.

### 28.1. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

O Departamento de Orientación, o cal está compartido co CEIP Plurilingüe de Oca, tendo como centro base o CEIP do Foxo, queda constituído a principios de curso cos integrantes seguintes:

- A Xefa do Departamento: Érica García Varela.
- A mestra especialista en Pedagogía Terapéutica: Sonia Fernández Llimia.



- A mestra especialista en Audición e Linguaxe: M<sup>a</sup> Vanesa Valiñas Rivas (centro base CEIP do Foxo, itinerante co CEIP Plurilingüe de Oca).
- A coordinadora de EI: Begoña López Fernández.
- O coordinador dos niveis 1º e 2º de EP: Iván Cimadevila Duarte.
- O coordinador dos niveis 3º e 4º de EP: Marta Otero García.
- A coordinador dos niveis 5º e 6º de EP: José Luna Sanmartín

## 28.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Durante este curso 2022-2023 están escolarizados no centro un total de 115 alumnos e alumnas, distribuídos do seguinte xeito:

### EDUCACIÓN INFANTIL

4º CURSO.....	11 ALUMNOS
5º/6º CURSO.....	16 ALUMNOS
6º CURSO.....	17 ALUMNOS

### EDUCACIÓN PRIMARIA

1º CURSO.....	12 ALUMNOS
2º CURSO.....	13 ALUMNOS
3º CURSO.....	9 ALUMNOS
4º CURSO.....	19 ALUMNOS
5º CURSO.....	13 ALUMNOS
6º CURSO.....	11 ALUMNOS

Entre os que cómpre salientar 1 alumna e 1 alumno con Trastorno do Espectro Autista, 1 alumna e 1 alumno con Trastorno Específico da Linguaxe, 1 alumno con TDAH e Trastorno de Aprendizaxe da Lectoescritura e 1 alumna con Espiña Bífida.

### 28.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

Segundo o **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 8 de setembro que o desenvolve, aplicamos as **medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias** que se consideren máis oportunas.

Así, observamos que entre as ordinarias, cómpre destacar o reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (apartado g), entre outras, e entre as extraordinarias, o apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe (apartado c), entre outras.

É necesario dotar de certa flexibilidade á información que se sinala a continuación, dada a posibilidade de detectar novas necesidades no alumnado que, á súa vez, supoñan (impliquen) a adopción de novas medidas de atención á diversidade ao longo do curso escolar.

Para unha adecuada atención á diversidade contamos, asemade, con servizos de apoio externos, que veñen a complementar a labor dos xa existentes no entorno escolar, entre os que cabe sinalar: o equipo de orientación específico (EOE) de Pontevedra (diferentes especialistas) e outros servizos e instancias (médicas e educativas) que, de forma temporal ou permanente, prestan atención ao noso alumnado.

Propóñense as seguintes medidas de atención á diversidade:

AULA DE 4º DE EI			
DESTINATARIO/ A	TIPO	MEDIDA	RESPONSABLE/S
Grupo – clase e 1 alumna con Espiña Bífida	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente

	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	Equipo docente

<b>AULA MIXTA DE 5º E 6º DE EI</b>			
<b>DESTINATARIO/A</b>	<b>TIPO</b>	<b>MEDIDA</b>	<b>RESPONSABLE/S</b>
Grupo – clase	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo	Equipo docente

		colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	
Un alumno con retraso madurativo e da linguaxe	EXTRAORDINARIA	Apoio da mestra de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe	Mestra de PT e AL
Un alumno con trastorno no desenvolvemento da linguaxe e comunicación	EXTRAORDINARIA	Apoio da mestra de AL	Mestra de AL

6º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL			
DESTINATARIO/A	TIPO	MEDIDA	RESPONSABLE/S
Grupo – clase	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría	Equipo docente

		entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	
2 alumnos e 3 alumnas con Trastorno do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación	EXTRA-ORDINARIA	Apoio da mestra de Audición e Linguaxe	Mestra de AL

<b>1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>			
<b>DESTINATARIO/A</b>	<b>TIPO</b>	<b>MEDIDA</b>	<b>RESPONSABLE/S</b>
Grupo – clase	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	Equipo docente
Un alumno con trastorno no desenvolvemento da linguaxe e comunicación	EXTRA-ORDINARIA	Apoio da mestra de AL e PT	Mestra de AL e PT

Unha alumna e un alumno con dislalias.	EXTRA-ORDINARIA	Apoio da mestra de AL	Mestra de AL
--	-----------------	-----------------------	--------------

<b>2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>			
<b>DESTINATARIO/A</b>	<b>TIPO</b>	<b>MEDIDA</b>	<b>RESPONSABLE/S</b>
Grupo – clase	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	Equipo docente

<b>3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>			
<b>DESTINATARIO/A</b>	<b>TIPO</b>	<b>MEDIDA</b>	<b>RESPONSABLE/S</b>

Grupo – clase	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión	Equipo docente

Un alumno con Trastorno do Espectro Autista	ORDINARIA	Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación	Equipo Docente
	EXTRAORDINARIA	Apoio da profesora especialista en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica	Mestra de AL e PT
	ORDINARIA	Colaboración coa asociación á que asiste o alumno (ASPANAES	Mestra de PT ATE Mestra de AL Titora

			Orientadora
	ORDINARIA	Adaptación da metodoloxía e da organización dos espazos	Equipo docente
	ORDINARIA	Reforzo Educativo	Mestra de PT Equipo docente PROA
Un alumno con retraso da linguaxe comprensiva e expresiva e condutas impulsivas e estereotipadas	ORDINARIA	Reforzo Educativo dentro de aula ordinaria	Equipo docente/ Mestra de PT PROA
	EXTRA-ORDINARIA	Apoio das especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe	Mestra de PT Mestra de AL Orientadora
Unha alumna con amígdalas hipertróficas, nasalidade na fala e dislalias	EXTRA-ORDINARIA	Reeducación lingüística coa mestra de Audición e Linguaxe	Mestra de AL Orientadora
Un alumno con desfase curricular e dislalias	ORDINARIA	Reforzo Educativo	Mestra de PT Mestres/mestras con dispoñibilidade horaria PROA
	EXTRA-ORDINARIA	Intervención de Audición e Linguaxe para traballar a articulación fonémica	Mestra de AL



Un alumno estranxeiro	ORDINARIA	Reforzo Educativo	Mestra de PT Mestres/mestras con dispoñibilidade horaria PROA
	EXTRA-ORDINARIA	Grupo de Adquisición de Linguas	Mestres/mestras con dispoñibilidade horaria

<b>4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>			
<b>DESTINATARIO/A</b>	<b>TIPO</b>	<b>MEDIDA</b>	<b>RESPONSABLE/S</b>
Grupo – clase	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	Equipo docente
Unha alumna con	EXTRA-	Apoio da profesora	Mestra de AL

Trastorno do Espectro Autista	ORDINARIA	especialista en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica	Mestra de PT Orientadora
	ORDINARIA	Reforzo Educativo	Equipo Docente PROA
	ORDINARIA	Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación	Equipo Docente
	ORDINARIA	Colaboración coa asociación á que asiste a alumna unha vez á semana (ASPANAES)	Mestra de PT Mestra de AL Orientadora
	ORDINARIA	Adaptación da metodoloxía e da organización dos espazos	Equipo Docente
Unha alumna con Trastorno Específico da Linguaxe (TEL)	EXTRA-ORDINARIA	Intervención da mestra de AL e PT	Mestra de AL Mestra de PT Orientadora
	ORDINARIA	Reforzo Educativo	Equipo Docente PROA
Un alumno con desfase curricular e ritmo lento de aprendizaxe	ORDINARIA	Reforzo Educativo	Equipo Docente PROA

<b>5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>			
<b>DESTINATARIO/A</b>	<b>TIPO</b>	<b>MEDIDA</b>	<b>RESPONSABLE/S</b>
Grupo – clase	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	Equipo docente
Un alumno con TDAH subtipo combinado e Trastorno do Aprendizaxe da lectoescritura	ORDINARIA	Reforzo Educativo	Equipo Docente PROA
	EXTRA-ORDINARIA	Apoio da mestra de PT e AL	Mestra de PT e AL
Un alumno e unha alumna con desfase curricular e ritmo lento de aprendizaxe	ORDINARIA	Reforzo Educativo	Mestra de PT PROA Equipo Docente
Un alumno	ORDINARIA	Reforzo Educativo	Mestres/mestras con

estranxeiro			dispoñibilidade horaria/ PROA
	EXTRA-ORDINARIA	Grupo de Adquisición de Linguas	Mestres/mestras con dispoñibilidade horaria

<b>6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</b>			
<b>DESTINATARIO/A</b>	<b>TIPO</b>	<b>MEDIDA</b>	<b>RESPONSABLE/S</b>
Grupo – clase	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión	Equipo docente
Unha alumna e tres alumnos con ritmo lento de aprendizaxe	ORDINARIA	Reforzo Educativo	PROA Equipo docente

## 28.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

ACTUACIÓNS	RESPONSABLE/S	DESTINATARIOS/AS	TEMPORALIZACIÓN
Solicitud da <i>Axuda para alumnado con necesidade específica de apoio educativo</i> , para varios alumnos e alumnas escolarizados/as.	Xefa do DO	Alumnado e familias con neae que poden ser obxecto da axuda	Setembro
Elaboración/ revisión dos diferentes protocolos a empregar no DO: entrevistas co alumnado, as familias, e o profesorado; autorizacións das familias para a avaliación psicopedagóxica, os reforzos,...	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Setembro
Revisión dos expedientes do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que estaba a recibir atención por parte das especialistas en PT e/ou AL durante o curso pasado, e dos que estaba prevista a súa incorporación para este curso, e organización dos apoios destas especialistas: tipo de apoio, número de sesións,...	Xefa do DO PT e/ou AL Titores/as	Alumnado con neae	2ª quincena de setembro

Recollida de estatísticas de atención á diversidade na aplicación DRDADI.	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Primeiro trimestre
Solicitud dos CONTRATO-PROGRAMA INCLÚE, INNOVA E RECUPÉRA-T (PROA+)	Xefa do DO	Alumnado do centro educativo	Setembro-Outubro
Coordinación do programa de Educación Responsable da Fundación Botín (educación emocional), formación e asesoramento aos docentes para levar a cabo os recursos na aula.	Xefa do DO	Niveis e grupos que forman parte do proxecto de Educación Responsable (Fundación Botín)	Todo o curso
Asesoramento en relación á posta en práctica dos reforzos realizados dentro da aula polo profesorado con dispoñibilidade horaria.	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Todo o curso
Identificación temperá de necesidades educativas específicas do alumnado. Realización da avaliación psicopedagóxica e/ou logopédica do alumnado para o que se demande, así como do correspondente informe psicopedagóxico ou logopédico.	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Todo o curso
Actualización das avaliacións psicopedagóxicas do	Xefa do DO	Alumnado con neae	Todo o curso

alumnado que o precise.			
Solicitud de intervención do/s especialista/s do EOE de Pontevedra, sempre que sexa necesario.	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Todo o curso
Solicitud da “flexibilización da idade de escolarización obrigatoria”, de cara a permanencia un ano máisna etapa de Educación Infantil ou Educación Primaria, no caso de existir alumnado que o precise.	Xefa do DO	Alumnado con neae que o precise	Abril
Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de atención á diversidade que está a recibir o alumnado con dificultades de aprendizaxe, e establecemento de novas medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que se detecte.	Xefa do DO Titores/as PT e/ou AL	Alumnado	Todo o curso
Asesoramento e facilitación de información sobre as necesidades específicas de apoio educativo de diferentes alumnos e alumnas, así como de estratexias e recursos para a adecuada atención das	Xefa do DO PT e/ou AL	Profesorado	Todo o curso

mesmas.			
Aplicación da <i>Batería de Aptitudes Diferenciales y Generales (BADyG)</i> ao final da EI, e de 2º, 4º e 6º de EP.	Xefa do DO	Alumnado do último curso da EI, e de 2º, 4º e 6º de EP.	Maio – Xuño
Facilitación de información sobre as necesidades específicas de apoio educativo dos seus fillos/as ás familias, dotándoos de maiores estratexias e recursos para afrontalas.	Xefa do DO Titores/as PT e/ou AL	Familias	Todo o curso
Elaboración de diferentes trípticos informativos orientados a facilitar asesoramento ao profesorado e ás familias en relación a diferentes temas de interese: Control de esfínteres, estimulación da linguaxe; técnicas de estudo; alimentación; estratexias para a mellora da conduta; novas tecnoloxías, atención, etc.	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Todo o curso
Colaboración periódica cos diferentes profesionais que atenden a algún dos/as alumnos/as do centro: dos Servizos Sociais do Concello, do SERGAS, de gabinetes	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Todo o curso



psicopedagóxicos e/oulogopédicos...			
Recollida de estatísticas de orientación na aplicación DRDORIENTA.	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Xuño – xullo

Os membros do Departamento de Orientación celebrarán unha reunión de coordinación semanal (venres de 12:45 a 13:40).

Ademais celebraranse:

- Reunións periódicas co equipo directivo e os/as titores/as.
- Reuniónsmensuais de ciclo/niveis (EI, 1º e 2º de EP, 3º e 4º de EP, e 5º e 6º de EP).
- Reuniónstrimestrais da CCP.
- Unha reunión trimestral, e cantas outrassexan necesarias, coa Xefa do Departamento de Orientación do IES nº 1 de A Estrada, ao que está adscrito o centro.
- Reunións e/ou entrevistas periódicas cos especialistas do Equipo de Orientación Específico de Pontevedra cuxo asesoramento/intervención se considere necesario.
- Reunións periódicas coa encargada do Servizo de Prevención e Drogodependencias e os ServizosSociais do Concello, coa asistenta social do Centro de Saúde, coa Cruz Vermella, con Cáritas,... e demaisinstitucións, asociacións e/ouprofesionais (pediatras do Centro de Saúde, especialistas do CHUS e de diferentes gabinetes psicopedagóxicos e logopédicos, ASPANAES...) cuxa colaboración se considere necesaria.

Cabe sinalar que se farán as reunións precisas cando sexa necesario polas circunstancias, como pode ser a modificación de apoios, novas solicitudes de intervención ou outras circunstancias que así o requiran.

## 28.5. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE

O profesorado – titor é o principal responsable do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, ademais, é atendido polas especialistas en PT e AL, a orientadora, así como

pola coidadora coa que contamos no centro (que atende a unha alumna con TEA de 3º de EP, un alumno con TEL de 1º de Educación Primaria e un alumno con TEA de 2º de Educación Primaria), e por profesorado con dispoñibilidade horaria.

## 28.6. HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

As mestras especialistas en PT e en AL teñen establecida unha reunión de coordinación co profesorado titor dos alumnos e alumnas que atenden, que ten lugar os luns e/ou mércores en horario de 17:15 a 18:45, variando segundo as esixencias doutras reunións como pode ser o claustro de mestres/as, ou da atención a pais. Aínda así, cabe sinalar que manteñen un permanente contacto entre eles/as.

## 29. PLURILINGÜISMO

### 29.1. COORDINADORES

A coordinadora é a mestra especialista en Lingua Inglesa, Sandra Caneda Mato

### 29.2. OFERTA (SECCIÓNS, CENTROS PLURILINGÜE, PLURINFANTIL)

Materia	Curso	Nº alumnado participante	Profesorado responsable	Coordinador
Educación Artística (só Plástica)	1º	12	Sandra Caneda Mato	Sandra Caneda Mato
Educaición Artística (só Plástica)	2º	13	Alberto Bernárdez Coto	Sandra Caneda Mato

### 29.3. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES

#### DO PROXECTO

A fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento en clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

#### DO ALUMNADO

**Avaliación de clase:** permite rexistrar se se alcanzaron ou non os obxectivos da área tendo en conta o proxecto do Centro.

**Avaliación individual dos alumnos:** rexistro dos logros e progresos de cada neno ao longo de todo o curso. Proporciona tamén moi boa información para afrontar as necesidades específicas de alumnado concreto.

**Autoavaliación:** Os alumnos avalían a súa aprendizaxe ao rematar cada unidade.

A metodoloxía empregada baseouse no traballo colaborativo e aprendizaxe por proxectos.

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesor coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos. A opción metodolóxica persegue o desenvolvemento de hábitos de traballo individual, scrapbook, e traballo en equipo. Desenvolvendo actitudes de confianza en sí mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe e o espírito emprendedor. Ten as seguintes características:

- **Enfoque participativo e activo.** O alumnado aprende a través da realización de tarefas distintas e con distintas técnicas na que os alumnos/as deben participar activamente onde o alumno/a é o centro do proceso de enseñanza- aprendizaxe
- **Fomenta unha aprendizaxe significativa.** Partindo dos seus coñecementos previos.
- Promove un desenvolvemento integral das capacidades intelectuais no alumnado, involucrándoo de maneira efectiva e estimulando a curiosidade con tarefas prácticas. Tentando desenvolver o pensamento crítico e mantendo a motivación.
- **É motivadora.** A motivación farase de maneira natural ao permitille participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, tendo en conta os coñecementos previos, estimulando o pensamento crítico. A diversidade de materiais e recursos e o uso das novas tecnoloxías contribuirán a manter a motivación do alumnado.
- Está dirixida ao logro dos obxectivos e ao desenvolvemento das competencias clave. Para isto incide para desenvolver e interpretar o mundo en distintos ámbitos da vida e o coñecemento, con autonomía e iniciativa persoal. A aprendizaxe por competencias ten por propósito cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos/as non só sexan capaces de aprender senón tamén de aprender a aprender, aprender a convivir e aprender a facer. Desenvolvendo o potencial creativo de cada alumno/a.
- **Promove o traballo en equipo.** As actividades ademais de ser individuais tamén serán grupais e colaborativas. Promovendo actitudes de diálogo e de resolución de

conflictos e uso de habilidades sociais. Con actividades con distribución de responsabilidades e tarefas.

- **Fomenta a curiosidade** e o desexo de descubrir novas ideas e técnicas para a expresión artística. Coa finalidade de promover a creatividade e ofrecer modelos, traballaránse con obras de arte do mundo real, con introducción a xeografía, cultura e curiosidades dos países que imos traballar. Ao fomento da creatividade e expresividade artística contribúe a realización de proxectos individuais e en grupo sistemáticamente.
- **Plantea a realización do proxecto de centro.** Foméntase así o traballo globalizador nos alumnos/as traballan con imaxes, powerpoints e textos para realizar despois as tarefas propostas
- **É comunicativa.** Promove o desenvolvemento das tarefas por medio da lingua estranxeira. O alumnado escoita historias e ve imaxes relacionados co mundo das artes. A información se presentará en distintos códigos, formatos e linguaxes.
- Ten en conta as distintas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe. Para isto, traballa con especial insistencia a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación de logro, entre outras, así como a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación.
- **Presenta elementos transversais.**
- **Atende á diversidade.** A metodoloxía seguida ten en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, así como os seus seus niveis de desenvolvemento madurativo.

A avaliación concíbese e practícase da seguinte maneira:

- Continua e global, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Contémpanse tres modalidades:

- Avaliación inicial. Proporciona datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

- Avaliación formativa. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.

- Avaliación sumativa. Establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.

- Integradora, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.

- Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.

- Orientadora, dado que aporta ao alumno ou alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

Procedementos e instrumentos empregados para avaliar o proceso de aprendizaxe:

- Observación sistemática
- Análise das producións dos alumnos
- Intercambios orais cos alumnos

A avaliación realizarase en todas as áreas mediante a observación directa do traballo diario na casa e na escola e controis puntuais.

As cualificacións do alumnado serán o resultado das obtidas en :

- participación e traballo na aula,
- traballo e esforzo persoal,
- actitude e comportamento ante o traballo.

Os aspectos máis valorados serán a participación e o traballo na aula, e o traballo e o esforzo persoal

## **DA PRÁCTICA DOCENTE**

Procedementos e instrumentos para avaliar o proceso de ensinanza:

- Cuestionarios:
  - Aos alumnos.
  - Aos pais.

- Intercambios orais:
- Entrevista con alumnos.
- Debates.
- Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos

## 29.4. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Durante este curso imos dispor dunha auxiliar de conversa, Bethnie Olivier, no Centro. Dita auxiliar terá o seu centro base no CEIP Villar Panamá e tería que itinerar co noso centro. Este ano acudirá ao noso centro todos os martes e os xoves dende outubro ata maio incluídos.

## 29. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL

### CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE CONVIVENCIA

Coordinadora: M<sup>a</sup> Begoña Porto Brea

Integrantes: M<sup>a</sup> Begoña Porto Brea

Rosa M<sup>a</sup> Ferreira Castro

José Luna Sanmartín

Érica García Varela

M<sup>a</sup> do Carme Sangiao Puente

### CONCRECIÓN DAS MEDIDAS ESTABLECIDAS NO PLAN.

Algunhas das actividades previstas para desenvolver neste curso académico son as seguintes:

Reunións a principios de curso cos pais, nais ou titores de cada titoría para explicarlles o Plan de Acollida elaborado polo Centro para botar a andar este curso.

Período de adaptación de Educación Infantil: Propóñense medidas de flexibilización de horario para o alumnado de 4º de Educación Infantil ata o 16 de setembro. Tamén se realizarán reunións previas do profesor titor coas familias do alumnado de nova incorporación.

Transición de Educación Infantil á Primaria: Propoñer actividades que favorezan o período de adaptación dos alumnos ao pasar de Educación Infantil a Educación Primaria (espazos de recreo, horarios, recantos de traballo,...)

Transición entre os distintos niveis de Primaria: Reunións entre titores dos distintos niveis para transmitir información dos alumnos que promocionan.

Transición de Educación Primaria a Secundaria: Os DO de ambos centros programan unha xornada de convivencia no IES nº 1 para dar a coñecer aos alumnos as instalacións do Centro de Secundaria, a organización e funcionamento do ...

Participación nos obradoiros, organizados polo Departamento de Servizos sociais do Concello da Estrada de “Habilidades sociais”, para os alumnos de 6º curso.

Participación en actividades organizadas por distintas entidades, feitas de xeito telemático.

Intercambio de experiencias realizadas durante o curso con alumnos doutros centros ( concursos literarios, conmemoracións, certames de teatro...)

Participación no Plan director para a convivencia.

Participación no programa de mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros, dentro do programa Educación Responsable e Eduemociona.

Participación no Plan de Mellora de Centros a través dos Contratos Programa. (C P Innova e C P Inclúe)

Participación na VI edición do Plan Navega con rumbo para o uso responsable de internet e as redes sociais (pendente de convocatoria). Os obxectivos que se pretenden conseguir son os seguintes:

1. Axudar a mellorar o coñecemento de alumnos e mestres sobre problemas e riscos dos alumnos
2. Motivar aos alumnos na adopción de medidas axeitadas para responder a eses riscos
3. Facilitar aos mestres pautas de detección e reacción ante problemas que poidan xurdir

Este curso todo o alumnado pode xa estar por todo o patio de recreo. Só haberá 3 días da semana para xogos con balóns: os martes, os cursos 1º e 2º; os mércores, 3º e 4º; os xoves, 5º e 6º. O venres será o día que se poden compartir cromos no patio.

Trimestralmente reúnese o Equipo de dinamización de convivencia para realizar un seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no Centro, facendo unha valoración das actividades programadas e a aplicación do plan. De acordo con estas revisións adóptanse as propostas de mellora que se consideren necesarias.

Todos estes procesos reflectiranse nunha memoria anual do Plan de convivencia que será aprobado polo Consello escolar.

### **PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS E NOS SEUS CONTORNOS. CURSO 2021/22.**

O Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade Escolar, ofrece a posibilidade de solicitar charlas informativas/ formativas, durante o curso 2022/2023, impartidas por expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sobre diferentes temáticas que favorezan a mellora da convivencia e o achegamento destes profesionais aos cidadáns, ao mesmo tempo que facilita actuacións en canto a Acción Titorial desenvolvida nos Centros.

O sector do alumnado que son susceptible de recibir información sobre riscos que poidan afectar á súa seguridade son os alumnos que están cursando 5º e 6º cursos de primaria que proximamente cambian de Centro para ir a un de Secundaria onde cremos que os riscos son maiores. Se nolo permiten, introduciremos estas charlas no 4º curso. Por todo isto entendemos que é necesario que teñan información sobre eses riscos para que poidan estar previstos e poder dar unha resposta axeitada no caso que sexa necesario.

O noso Centro solicitou charlas para os alumnos dos cursos antes mencionados, para os membros do Consello Escolar, para o Profesorado titor e para os pais/nais ou titores legais coa seguinte temática:

Os obxectivos que se pretenden conseguir son os seguintes:

4. Axudar a mellorar o coñecemento de alumnos e mestres sobre problemas e riscos dos alumnos.
5. Motivar aos alumnos na adopción de medidas axeitadas para responder a eses riscos.
6. Facilitar aos mestres pautas de detección e reacción ante problemas que poidan xurdir .



7. Familiarizar aos alumnos coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para mellorar a confianza dos nenos e nenas como elemento de garantía de seguridade.

Actividade: Eduemociona						
<b>Tipo</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo de Traballo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
<b>Horas</b>	<b>Temporalización</b>					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input checked="" type="checkbox"/>		3º T <input type="checkbox"/>	
<b>Responsables</b>	Contratos programa					
<b>Participantes</b>	Todo o claustro					

Actividade: PLAN DE FORMACIÓN Permanente do Profesorado sobre Educación Responsable						
